



António Cabral, um grande amigo da Galiza



Páxina III

Entrevista ao libreiro Pablo Couceiro



Páxina IV

Poemagosto 2017 en Allariz



Páxina IX

XXIV Feira da Carne en Montederramo



Páxina XI

A Caída da Folla na Ribeira Sacra



Páxinas XIV e XV

Chus Pato ingresa na Academia



Páxina XVII



3ª MELHOR VIA VERDE DA EUROPA
European Greenway Award

Ecopista do Río Minho 3ª melhor Vía Verde da Europa

Fruto de uma candidatura conjunta dos Municípios de Vila Nova de Cerveira, Valença, Monção e Caminha, a Ecopista do Rio Minho acaba de ser distinguida como a 3ª Melhor Via Verde da Europa. O prémio foi atribuído, esta quinta-feira, em Adare-Limerick, na Ir-

landa, durante a cerimónia dos 8th European Greenway Award.

Promovido pela Associação Europeia Greenways (E.G.W.A.) e pela União Europeia, este prémio bienal tem como objetivo promover exemplos de melhores práticas e apoiar sua replicação em outras vias verdes.

As Vias Verdes do Rio Minho consistem numa rede de infraestruturas de "Ecovias" e "Ecopistas" existentes na margem esquerda do rio Minho, entre Monção e a foz do Rio Minho em Caminha. Totalizam cerca de 50 km de rotas para pedestres e ciclismo, inseridas na Rede Natura 2000.



Miscelanea

Por Rafael José Adalid Rodríguez

Apuntes sobre a tradición oral da auga en países celtas

Nun primeiro momento, a transmisión de todo tipo de expresións culturais producíase entre as xeracións celtas a través da oralidade. A súa impronta en Galicia é visible dende a toponimia e a linguaxe, aparte de termos moitos outros elementos de carácter arqueolóxico e etnográfico, como crenzas e supersticións, que aínda están presentes no noso día a día e ó longo da nosa historia.

Á par que en Galicia, móstrase nestes sitios o carácter sagrado dos afluentes, arroios e ríos onde se producían e producen certos rituais. Noutras zonas de procedencia céltica, persisten múltiples capacidades e propiedades que se lle atribúen á auga, como ser quen de eliminar impurezas, purificadora da alma e do corpo, posuidora dun carácter fecundante... Incluso certas fontes e termas teñen o dote de curar as dores de cabeza ou de moas e mesmo enfermidades, entre outras. Concordando, desta maneira, con moitas das crenzas populares que aínda

persisten sobre a capacidade de certas augas en Galicia.

Para observar similitudes nos contos, lendas e mitos en relación coas augas, entre Galicia e os países e rexións considerados de raigame celta, simplemente basta con ler este tipo de narracións e establecer comparacións co sabido sobre a galega. A proba quizais máis tanxible na relación de Galicia cos pobos célticos recreáase nas orixes dos celtas en Irlanda, crendo que a súa chegada tivo a partida dende a nosa terra, onde un faro iluminaba a viaxe polo camiño para chegar ó seu novo territorio. Como na nosa, na súa sabedoría popular obsérvase a existencia de cidades asolagadas, e tamén como a través diferentes manifestacións acuíferas se atoparían portas que dan lugar a entrada cara o inframundo. Nestas narracións atopámonos en diversos relatos a presenza de serpes e monstros mariños, sendo o máis coñecido o monstro do Lago Ness, lembrar neste senso que nós

tamén temos a nosa Coca en Galicia.

Deixando a un lado o mundo acuático, por debaixo da nosa superficie, digamos que falando dunha forma máis ampla, crese na existencia de diversos tesouros e outras riquezas ocultas, que poden permanecer con habitantes como as Fadas. Ademais, no in-



Mámoa das Cabanas na Necrópole de A Moura (3.500 a 2.000 anos antes de Cristo), en Nogueira de Ramuín.

terior da terra, habitan outros personaxes existentes dentro da súa tradición oral, como os Ozégans, Korrigans... lembrándonos así a eses Mouros e Mouras que se agochaban en penedos, castros, fontes e outros seres que podían agochar ou poseer riquezas. A trabe de ouro ou a presenza de peites de ouro

como obxectos secundarios dalgunha historia, tamén son identificables noutros países. Incluso historias do Rei Arturo que aparecen na nosa tradición, aínda que



non o fixeran con tanta forza como noutras zonas, son outros elementos conxuntos a destacar que se dan en áreas xeográficas distanciadas.

Non se nos debe esquecer a influencia que as relixións causaron por riba das tradicións orais, pois é apreciable como en infinidade de narracións existen numerosas figuras relacionadas coa relixión, sufrindo a introdución de personaxes como o demo. Outras crenzas e historias sobre propiedades de certas augas, como algunha das citadas anteriormente, con probabilidade foron cristianizadas.

En último lugar, resaltar que estudosos e reputados escritores sobre mitoloxía establecen, en diversas obras, equiparacións entre certos personaxes mitolóxicos galegos e outros de países con pasado celta. Reseñables son os paralelismos elaborados coa Lavandeira, as Mouras, o Nubeiro, o can do Urco, os Xacios ou as máis que comúns Sereas.

Por Jesús Témez Fernández

A politización do cinema actual

Soa moi transgresor e politicamente incorrecto afirmar que para os amantes do cinema como o caso da modesta firma que subscribe este artigo, resulta soporífero o cinema actual na súa gran maioría. Aínda que sempre haxa que salvar excepcións, o cinema actual xa sexa en formato comercial ou menos comercial co sinal de independente carece de ideas, de historias e de guións de certa prestancia. Todo se reduce a pirotecnia tecnolóxica ou a historias sesudamente truculentas que o único que pretenden é impactar a modo de sensacións pero non de emocións nun público hastiado de temática social e ávido de historias que o evadan da súa realidade dia-

ria. Todo o que se prima e reconece en certámenes e festivais internacionais ten que ver con historias relacionadas con temática social, iso si, de rabiosa actualidade como a non integración de determinadas capas de inmigración na sociedade actual, a loita de transexuais non recoñecidos socialmente, exiliados políticos ou violencia de xénero. Todos eles temas de gran calado pero que por repetitivos e recorrentes fixéronse nalgúns casos pouco digeribles.

A ausencia de orixinalidade na posta a piques de proxectos nace precisamente por iso. Porque a industria do cinema tanto na súa proposta comercial como na máis independente está absolutamente politizada,



O director británico Alfred Joseph Hitchcock.

asumindo e liderando o discurso do pensamento único e do politicamente correcto que tanto se estila. Para botón de mostra, a cerimonia dos oscars de cada ano onde o maior interese da prensa internacional céntrase nas diatribas dos ñiñatos californianos en contra do poder político, sempre que este sexa conservador, está claro.

Para os poucos que pensamos que o cinema é unha vía de escape, unha xanela para esbozar soños que seguramente o día a día impídenos desenvolver, estamos de franco duelo e loito aínda que sempre nos quedará Mankiewicz, Hitchcock, Wilder ou Minelli para soñar e gozar.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Losada Dorado – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho – MADRID: Juan Louzán – BARCELONA: Fdez. Valdeorra – PAIS BASCO: Nicolás Xamardo – CANARIAS: Fco. Puñal – NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).
Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.
Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer



Ant3nio Cabral, um grande amigo da Galiza

por Jos3 Paz Rodr3gues

(Prof. Reformado da Universidade de Vigo, Presidente da ASPGP e Acad3mico da AGLP)

por duas vezes, Vinhais, Vilardev3s, Moncorvo, Corcub3o, Peso da R3gua, ademais da sua Vila Real. Na organiza33o colaboravam de forma cooperativa a Associa33o S3cio-Pedag3gica Galaico-Portuguesa (ASPGP), que tenho a bem presidir, o Fato Cultural “Os Chaos” de

Parada de Amoeiro, dirigido por Chema Rodr3gues, o Centro Cultural Regional de Vila Real (CCRVR) e a associa33o cultural de Vilar de Perdizes do Padre Fontes. Nos diferentes lugares tamb3m colaboravam as associa33es culturais de

Um excelente animador cultural

De nome completo Ant3nio Magalh3es Cabral, este homem singelo e sempre com um sorriso no seu rosto, tinha nascido a 30 de abril de 1931 na localidade de Alij3-Castedo do Douro, falecendo em outubro de 2007 em Vila Real. Frequentou o curso teol3gico do Semin3rio de Vila Real e obteve a licenciatura em filosofia na Universidade do Porto. Exerceu a doc3ncia, sendo professor efetivo na Escola Secund3ria “Camilo Castelo Branco”. Foi tamb3m professor de filosofia durante v3rios anos na Escola de Magist3rio Prim3rio de Vila Real. A partir de 2001 exerceu como professor de Cultura Geral na Universidade S3nior desta cidade.

1991, ano no que passou a ser presidente da sua assembleia geral. Foi sobre tudo na investiga33o e organiza33o de festas e encontros de jogos populares onde a sua figura se fez mais not3ria e destacada. Atrav3s do CCRVR promoveu encontros de escritores e jornalistas de Tras-Os-Montes e Alto Douro, em vila real (1981), chaves (1983), Bragan3a, Mirandela e Miranda do Douro (1984), Lamego, R3gua e Alij3 (1985) e outra vez em Vila real (1997). Foi ademais perito do Conselho de Europa no “IIº Est3gio Alternativo Europeu sobre Desportos Tradicionais e Jogos Populares transmontanos e jogos populares Galaico-Transmontanos”, com in3cio em 1977 e 1983 respetivamente. Colaborou com a organiza33o dos encontros de jogos tradicionais galaico-portugueses citados ao in3cio deste depoimento.

No “Fundo de Apoio aos Organismos Juvenis”, do que logo saiu o Instituto da Juventude portugu3s, desempenhou os postos de delegado do distrito de Vila real e de Coordenador da Zona Norte, entre 1974 e 1976. Foi tamb3m presidente da Dire33o e mais tarde Presidente da assembleia Geral da ANASC (Associa33o Nacional de Animadores S3cio-Culturais), fundada em 1995. Desde mar3o de 1996 at3 o final de janeiro de 2004, foi Delegado do INATEL no Distrito de Vila Real, o que lhe permitiu difundir e promover a cultura popular, especialmente entre as pessoas adultas. Como sabemos, o INATEL 3 um instituto portugu3s para dinamizar os tempos livres das pessoas maiores.

Para as suas investiga33es sobre jogos tradicionais e ludoteoria, entre 1988 e 1991, contou com uma bolsa do Minist3rio de Educa33o portugu3s. Durante esse tempo disfrutou de uma exced3ncia especial na sua doc3ncia, para poder levar a cabo as suas pesquisas etnogr3ficas e educativas. Os livros sobre estes temas o projetaram internacionalmente e por isso o convidaram a participar em congressos e semin3rios internacionais com Galiza, Espanha, Brasil, B3lgica, su33a, Noruega,

Dinamarca e Canad3. 3 Nossa Terra, Galiza; vinha sempre muito 3 vontade, pois sem d3vida, Cabral foi um grande amigo da minha terra galega. Como no seu dia o foram Teixeira de Pascoais, Manuel Rodrigues Lapa, Zeca Afonso e Joaquim Rodrigues dos Santos J3nior. E como 3 o Padre Fontes, por sorte entre n3s, que tamb3m sempre foi um grande amigo de Cabral.

Embora n3o o pare3a, a cidade de Ourense est3 geminada com a de Vila Real do Tras-Os-Montes portugu3s. Nos 3ltimos tempos a C3mara Municipal de Ourense esqueceu-se infelizmente deste facto, embora, pelo menos mant3m vivo o Pr3mio de Poesia “Cidade de Ourense”, que no seu dia tinha nascido desta gema33o entre duas cidades bastante similares. Em Vila Real exerceu a sua profiss3o de docente e realizou o seu imenso labor cultural o nosso amigo Ant3nio Cabral, falecido o 23 de outubro de 2007, 3 idade de 76 anos. No presente m3s de outubro vai receber uma homenagem p3stuma em Vila Real, na que colaboram a C3mara Municipal, o Gr3mio Liter3rio da cidade e o CCRVR. Cabral era um dos maiores expertos mundiais sobre jogos populares ou tradicionais, sobre os que publicou numerosos livros, e era convidado a participar nos congressos por v3rios pa3ses do mundo. Era um namorado da Galiza, e de Ourense em particular, participando desde 1981 em diversas edi33es das “Jornadas do Ensino de Galiza e Portugal”, celebradas em Compostela e Ourense, com temas t3o interessantes e atrativos para os docentes como: “Os Jogos Populares e o Ensino”, “Teoria do Jogo”, “A perspectiva cultural dos Jogos Populares”, “O Jogo no Ensino” e “O modelo l3dico de ensino-aprendizagem”, entre outros. Tamb3m, gra3as 3 sua importante e decisiva media33o, desde 1983, se puderam celebrar v3rias edi33es dos “Encontros Galaico-Portugueses de Jogos Populares”, nas localidades de Vilar de Perdizes (com a inestim3vel colabora33o do Padre Louren3o Fontes), Amoeiro



Ant3nio Cabral num Encontro de Jogos Populares


cada localidade, como a “Penas Livres” de Vilardev3s e a Universidade Popular de Corcub3o. Cabral chegou a reunir mais pessoas participando na sua cidade e comarca nos festivais e encontros de jogos populares, que a equipa de futebol local nos seus encontros de bal3o-p3. Algo inaudito que sempre comentava com orgulho.

Em alguma edi33o foi tamb3m membro do j3ri do pr3mio de poesia “Cidade de Ourense”. Porque ele foi tamb3m um grande poeta e romancista. Homem de dimens3o humana rara, humilde sendo grande, estimulava sempre aos que queriam iniciar-se na escrita, Come3ou a ter problemas de sa3de quando deixou de fumar. Tinha problemas card3acos, e dois dias depois de falecer iam fazer-lhe uma interven33o cir3rgica.

Cabral destacou como animador s3cio-cultural e como escritor de poesia, fic33o, teatro, ensaio liter3rio, etnografia, jogos tradicionais e teoria do jogo. Ademais foi professor de secund3ria e de magist3rio. Em Vila Real moram a sua esposa e as suas duas filhas.

Cabral era tamb3m muito conhecido pelas suas confer3ncias e palestras em centros culturais, escolas de ensino b3sico, secund3rio e universit3rio, tanto em Portugal como, especialmente, na Galiza, Alemanha e outros lugares, falando dos temas da sua prefer3ncia, tais como a literatura, os jogos populares e pedagogia do jogo.

Como animador s3cio-cultural, fundou em 1979 o centro Cultural regional de Vila Real, do que foi presidente da sua dire33o at3



Entrevista

Por Moncho Mariño

Entrevista Pablo Couceiro, Librería Couceiro (Santiago de Compostela)

“O futuro das librarías está na especialización”

Os case cincuenta anos da librería Couceiro en Compostela non se poden condensar nunha soa entrevista. Detrás destas case cinco décadas hai unhas etapas que lle foron dando carácter, personalidade propia a esta librería. Hoxe, dez anos despois de reinstalárense na zona vella de Compostela, en concreto na praza de Cervantes, Pablo Couceiro e a súa irmá María, continúan co traballo que iniciara seu pai no 1969.

-A historia dos últimos anos de Compostela non se pode desliigar de Couceiro.

-No ano 1969, no mes de marzo, abriron meus pais a primeira librería na rúa de San Pedro. Era unha librería xeneralista e moi pequena, como case todo o comercio familiar. No ano 1975 trasladouse para a zona nova. Logo entre os anos 1978 e 1983 foi cando comezou a especializarse. Primeiro en libro galego, despois entre o 1982 e 1983, cunha reforma no local, engadiuse libro vello.

-O libro vello tivera boa acoillida?

-Si porque naquel momento desapareceran case todas as librarías de vello en Compostela. A

frase nesta casa era “o libro vello mantén o libro novo” ata a chegada da crise, que “o libro novo mantén o libro vello”. O libro vello é un artigo que vas vender a unha biblioteca, cunhas edicións especiais ou a unha persoa que realmente é coleccionista. É un libro que compras por impulso, porque ao mellor che interesa esta ou aquela edición.

-Que retos vai afrontar ou quere afrontra Couceiro no futuro?

-Como mínimo manterse. Pasamos unha época moi dura, cun investimento moi grande para un negocio familiar e que foi este novo edificio. Unha época dura non porque non se vendese ao público o que se vendía, senón

porque perdiches moitas vendas en libros a centros, bibliotecas e a institucións que antes tiñan un orzamento determinado para gastar en libros e que agora baixou enormemente.

-Hai recuperación?

-Desde hai dous ou tres anos comezamos a sentir que comezas a respirar. Con certos límites polo investimento que comentei, pero si que houbo un pulo e que as vendas subiron pero cun esforzo moi grande. Couceiro vai a actos se o chaman, sae á praza de Cervantes xoves e sábados se non chove, para vender libros arrodeando a fonte da praza.

-Cal é o papel das librerías diante das novas tecnoloxías?

-Aquí sempre defendimos que as novas tecnoloxías son fundamentais. O libro electrónico como ferramenta de traballo sempre o defendemos. Un exemplo, aquela enciclopedia de dereito que eran cen volumes, agora tela nun aparello onde en dous minutos podes consultar a lei que buscabas. Se vas de viaxe co teu libro electrónico xa non vas con cinco ou seis volumes. Pero tamén defendemos que se che gusta de verdade ler, gústache o libro de papel. O libro de papel non é só lelo, é tocalo, dobrar a páxina para lembrar tal frase. As últimas estatísticas en España daban unha baixada no libro electrónico fronte ao libro de papel. Hai quince anos daban por desaparecido o libro de papel. Pero xusto esa época coincide coa crise. O futuro das librarías pasa pola especialización. O noso problema agora mesmo é a venda das grandes superficies e das compañías ou as grandes cadeas tecnolóxicas. A mellor maneira de competir é a especialización.

-Non quixeron dar o paso á venda online?

-Couceiro tivo unha páxina web pero deuna de baixa. Necesitabas unha persoa adicada única e ex-



clusivamente á súa actualización. Logo estaba o tempo, porque Amazon sérvecho en vinte e catro horas e cun pedido mínimo non che cobra portes. A nós os portes era imposible asumilos. A nosa opción é que eu vou estar aquí fisicamente e podo dicir “non teño ese libro, pero podes atopalo en tal ou cal lugar”, porque están especializados.

-Cal é a actitude da xente máis nova cara o libro en galego?

-Aí eu sempre dixen que non depende tanto da escola como da casa. Estamos falando dunha época vital complicada. Os rapaces de cativos absorben todo. Pero na adolescencia téis que competir cun mundo desproporcionado que é moi difícil. Sempre digo que entre os doce e os dezoito anos no que perdes lectores. Logo o traballo do libreiro é recuperar eses lectores. Cando vi-

ñemos para a zona vella, sorprendeme a cantidade de xente nova entre os vinte e trinta anos que vén mercar libros.

-Os títulos para a xente nova abordan as temáticas que lles interesan ou son títulos atractivos?

-Hai de todo, pero en galego falta moito para chegar a iso. Principalmente falta porque non hai demanda de galego. Meu pai hai xa trinta anos dicía que máis que axuda aos libros por parte da administración, debería haber un fomento da lectura. Ao non haber fomento da lectura en galego hai un baleiro. Agora mesmo unha edición grande en galego son 500 exemplares, agás un ou dous autores. Se nunha sociedade coma esta entendemos que unha edición grande son 500 exemplares, algo está indo mal. Non é tanto a temática senón a falta de lectores.



Librería Couceiro, Praza de Cervantes, 6, en Santiago de Compostela

Taberna 0 13: un viño no xardín



Cando Josinho che serve unha caña, no ambiente comezas a notar un cheiro delicioso. Pode ser un dos seus famosos bocadillos de xamón e tomate ou un dos novos pratos que está preparando por encarga de alguén.

Logo, cando esa caña está diante túa, de súpeto aparece unha tapa que non esperabas. Ou esperabas unhas lentellas completas con todo o seu sabor e recén feitas? Ou unha peza de lacón con tomate da horta e aceite de oliva e quen sabe, en tempo de sardiñas, pode haber sorpresas.

Pero Josinho Silva sabe que as tabernas non son só lugares para comer e beber, son lugares cunha atmosfera creada polas persoas que a enchen. "A min o que máis me gusta é cando se xuntan amigos e amigas e falan entre eles. A partir dese momento, todo flúe". E é que o 13 ten unha historia breve pero intensa como taberna de referencia en Compostela.

0 13

A taberna 0 13 está no portal do mesmo número, unha casa con baixo e dous andares. "Restauramos a casa. Logo

de pensalo ben, decidín montar unha taberna para aproveitar o espazo que ofrecía a parte baixa".

Era unha boa idea que tiña o seu risco. A rúa de Santa Clara, onde Josinho decidiu abrir o seu proxecto, estaba daquela fóra do que eran as rutas típicas para "ir tomar os viños", pero aínda así, apostou pola súa idea. "Se ía traballar duro, prefería facelo para min mesmo que para outro". Porque despois de anos na hostalaría, ter un lugar de seu, propio e coidado ao teu gusto é toda unha satisfacción.

A evolución do 13

Pouco a pouco, a taberna foi enchéndose de persoas que pasaban horas alí dentro, falando, comendo, tomando un viño ou o que gustara cada quen. E claro, as horas pasan e a fame chega. "Daquela comezamos a facer bocadillos de xamón, paleta e tamén vexetais".



Despois, houbo quen se animou á encarga de pratos para pequenas ceas. "Tamén houbo unha vez que chegaron para unha voda. Nós non podíamos cociñar para tantas persoas, pero ao final resolvemos cociñando na casa e traendo para a ta-



berna". E todo isto polo bo facer dunha cociña que ata hai pouco, co pequeniña que era daba ben de si.

Os cambios viñeron na primavera. "A cidade está poñéndose bonita, os locais están cambiando e poñéndose bonitos tamé. Así que pensamos en cambiar a imaxe do 13. Darlle máis vida á terraza cubríndoa e aproveitar máis o xardín".

E a cociña? "Pois ampliamos e agora temos máis cociña para atender máis demandas da xente". Entre as novas opcións "Se falamos de especialidades, certamente carne e verduras están dentro da oferta, pero imos estar abertos a novidades". Entre elas tamén está o arroz, pois non é a primeira vez que se atreven con el para ceas de grupo. Tamén é posible que lle entren ao polbo, "pero todo con tempo". Ademais, a garantía está en que os produtos cociñados no 13 son de tempada a maioría e da praza. Todo de confianza.

O xardín, o secreto mellor gardado do 13. Unha figueira e un limoeiro son as árbores da que fora a antiga horta da casa. Agora, debaixo das polas hai unha mesa longa, cos seus longos bancos para "Sentarse aí, poñerse a falar e encher un espazo

ben bonito como é un xardín". Ademais de ser un lugar ideal para as xuntanzas de grupos. "Si, acolleremos grupos".

E sobre a bebida? Pois a oferta vai desde as cervexas e sidras artesanais, pasando polas cervexas tradicionais e o viño, tanto do país como de fóra. Os menús comparten espazo cos "riojas" e algún "ribera". Neste sentido, sorpréndese un cando ve as botellas de colección que garda Josinho no seu moble. Enormes, grandes e que chaman a atención. Todo isto indica un coñecemento amplo do xénero que serve.

Sobre as tapas, primeiro remarcamos o xa dito. Calquera pode atopar minimizadas as lentellas da avoa, pero ademais, os calos de toda a vida, co seu agradable e sempre adictivo sabor a pementón. Tamén as sorpresas, como que un día aparezan pequenas "paellas" condimentadas ao estilo tradicional ou, a bola de arroz con xamón.

O 13 pois, é a taberna de toda a vida, como din moitas das persoas que van a ela. Só que aquí temos o espazo e o ambiente de sempre, pero coas novidades que lle incorpora un taberneiro con experiencia de anos detrás.

A escultura "Ríos de Ferro", realizada por corenta artistas da forxa, xa engalana o entorno da carballeira do Restollal

A escultura engalana unha zona da cidade recentemente rehabilitada grazas ao obradoiro de emprego Ecotur, que acondicionou a senda peonil do Sar ao seu paso polo Parque Eugenio Granell e Novo Milenio en dirección ás Pontes de Conxo. Tal e como destacou a concelleira de Comercio, "esta peza é o resultado do esforzo de moitos e moitas ferreiras que a levaron a cabo no encontro estatal de forxa do mes de xuño na Quintana. Agora, engadiu Lois, "poderemos gozar todos e todas as veciñas de Compostela desta peza na

nosa cidade, que ten un gran valor artístico".

Pola súa banda, Chago Martínez destacou a "imensa calidade deste traballo", que cualificou de "irrepetible", posto que nel traballaron os mellores artistas da forxa, "concretamente 7 dos 10 mellores do Estado, entre os que destacan Miquel Xirau". Finalmente, Óscar Aldonza quixo explicar o significado da peza, que "mestura a debilidade da auga coa dureza do ferro". Aldonza remarcou a importancia de que a escultura se coloque á beira do río Sar e nunha zona como a carballeira do Restollal.





Orzamentos participativos 2018



decide.santiagodecompostela.gal



O Concello requírelle á herdeira de Franco a devolución das estatuas do Mestre Mateo

O Goberno local vén de enviarlle a Carmen Franco Polo un requirimento para que recoñeza que as estatuas do Mestre Mateo que conserva a súa familia na Casa Cornide da Coruña son propiedade do Concello de Santiago, e para que as poña a disposición da institución municipal no prazo máximo de quince días.

O escrito, asinado polo alcalde, lembra que as figuras que representan a Abraham e Isaac pasaron a mans do ditador probablemente na década dos 50 e "non existe ningún título xurídico que lexitime aquel acto nin a posesión subseguinte das esculturas" por parte de Franco nin dos seus sucesores. Pola contra, si foi localizado o documento notarial de compravenda das estatuas, asinado polo conde de Ximonde e o Concello de Santiago en 1948.

O requirimento firmado por Martiño Noriega insiste en que as dúas obras do Mestre Mateo son "bens do dominio público municipal, que forman parte do patrimonio histórico artístico", e apunta a que o seu "destino idóneo hoxe en día sería a exhibición permanente no Museo da Catedral de Santiago".

De non obter resposta no prazo establecido de quince días, o escrito remitido a Carmen Franco Polo sinala que a Corporación municipal exercerá as accións legais procedentes en defensa dos dereitos e intereses lexítimos da cidadanía de Compostela e do seu patrimonio histórico-artístico.

Petición unánime da Corporación

Precisamente, o Pleno da Corporación municipal acordou por unanimidade reclamar a devolución das dúas figuras románicas, tal e como solicitaban os



Documento notarial de compravenda das estatuas de Isaac e Abraham



grupos municipais de Compostela Aberta e BNG na moción e na proposición que levaron á sesión de hoxe para o seu debate. Tamén se aprobou solicitar a tramitación da súa declaración como Bens de Interese Cultural. O alcalde, Martiño Noriega, apuntou que a propia Asesoría Xurídica Municipal barallaba a posibilidade da declaración BIC dentro da estratexia a seguir para a recuperación das pezas.

Relacionado coas estatuas de Abraham e Isaac, o Pleno da Corporación debatiu tamén as mocións presentadas por Compostela Aberta, PP e BNG en relación á situación do Pazo de Meirás.

As tres mocións resultaron aprobadas, aínda que con diferentes apoios. Así, as presentadas por Compostela Aberta e o BNG saíron a diante cos votos a favor destes dous grupos máis o PSOE, e coa abstención do PP. A moción presentada polo PP foi respaldada tamén polos socialistas, mentres que Compostela Aberta e BNG abstivéronse.

A Casa das Mulleres levará o nome de Xohana Torres



A Casa das Mulleres, que se está a acondicionar no antigo local de Emuvisa, levará o nome de Xohana Torres. A decisión estaba adoptada dende hai meses, e fóralle xa comunicada á escritora antes do seu falecemento, o pasado 12 de setembro.

Así se recolle na declaración institucional aprobada no Pleno, na que os catro grupos da Corporación fan constar o seu pesar polo pasamento de Xohana Torres e mostran a súa vontade de facerlle un último recoñecemento á traxectoria vital e profesional da autora. O texto salienta que a escritora foi "unha voz feminina e feminista que destacou no ámbito literario pero tamén na reconstrución da cultura galega e na defensa da nosa lingua".

Ademais, a declaración institucional lembra que o Concello de Santiago instituíu en 1993 un premio co nome de Xohana Torres que se concedeu de xeito ininterrompido ata 2010, e que se recuperou en 2016 para seguir honrando e lembrando a escritora ao tempo que se contribúe unha cidade máis igualitaria, feminista e inclusiva.

O Consorcio de Santiago remata as obras no claustro da Colexiata de Sar

O Consorcio de Santiago rematou a obra de aplicación de revocadura de saneamento nos paramentos interiores do claustro da Colexiata de Sar. A firma que se encargou da intervención foi a Unión Temporal de Empresas SAR, por un importe global de 46.645,17 euros.

A arquitecta da Oficina Técnica do Consorcio responsable deste proxecto é Lourdes Pérez. Explica que "os paramentos interiores do claustro estaban revocados cun morteiro de cemento desaxeitado e afectados por humidade de capilaridade, de xeito que a humidade penetraba de forma líquida nos cimentos dos muros por debaixo do nivel

do chan. O muro absorbía esta humidade e os poros transportaban a auga por capilaridade ata arriba en sentido contrario á gravidade. Por riba do nivel do chan, a auga evaporábase e as sales cristalizaban e destruían a pintura e o soporte".

A Colexiata de Sar, cuxa fundación data da primeira metade do século XII, está catalogada como edificio singular no Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela.

Antes de actuar sobre os paramentos interiores do claustro, retiráronse as pezas artísticas de cantería que había no mesmo, co fin de protexelas. Trátase de cornixas,

doelas, tapas de sarcófago e capiteis, que estaban fixadas aos muros con garras metálicas bastante deterioradas. As pezas permanecen agora almacenadas nunha estancia na planta baixa do corpo claustral, adxacente ao museo e ao claustro, ata que se avance nun programa expositivo para a súa posta en valor.

Nesta intervención substituíuse a revocadura de cemento deteriorada por unha nova revocadura deshumidificante a base de cal que permite a evaporación rápida da auga contida nos muros húmidos. O acabado final é de pintura transpirable de silicato.



Galicia

Redacción A CORUÑA

A Coruña convoca o concurso fotográfico para o Calendario Municipal 2018

O Concello da Coruña abriu o 1 de outubro, o prazo para participar no concurso fotográfico 'Calendario Municipal 2018', que servirá para seleccionar as 12 fotografías actuais que forman parte do almanaque que o ente municipal edita cada ano, que se completa con 12 imaxes antigas, e, en caso de decidilo así o xurado, para elixir tamén a foto da primeira páxina do mesmo. Nesta edición, a temática das fotografías versará sobre A Coruña e a súa relación co mar "como parte esencial da súa identidade". "O mar como paisaxe emocional, como motor da actividade económica e social da veciñanza, como espazo de lecer e de reflexión cara ao futuro, de concienciación da nosa contorna, como ben común", tal e como queda explicitado nas bases do concurso. Deste xeito, as persoas que queiran participar poderán facelo enviando as súas propostas até o mércores 1 de novembro, ao enderezo electrónico concursofotografico@coruna.es, indicando no asunto a lenda 'Concurso calendario municipal 2018'.

Cada persoa poderá participar



O xurado do Calendario Municipal 2017

con até un máximo de tres fotografías en cor, cuxo formato será un arquivo dixital en formato JPG cun mínimo de 3 megapíxeles. Os traballos deberán enviarse ao enderezo electrónico anteriormente sinalado, como arquivo adxunto --no caso que o envío teña máis dunha fotografía, deberán ser un arquivo Zip-- ou pola plataforma We Transfer. As bases completas están dispoñibles na páxina principal da web municipal, www.coruna.gal.

O xurado, que estará composto por sete membros nos que se incluírán integrantes do colectivo Fotoxornalistas Coruñeses e concelleiros e concelleiras da corpo-

ración coruñesa, deberá fallar os premios antes do día 10 de novembro, elixindo 12 fotografías de 12 participantes diferentes, ademais doutras 6 propostas que integrarán a 'lista de reserva'; tamén, no caso de que así o considere por cuestión de calidade, poderá seleccionar unha fotografía para a primeira páxina. As persoas gañadoras recibirán como premio un exemplar da obra Vivian Maier. Street Photographer, e gañarán un ano de acceso gratuito aos Museos Científicos coruñeses, ademais de dez copias do almanaque, no que aparecerán publicadas as fotografías gañadoras coa firma dos e das autoras.

3 novas ecohortas no Ágora, Parque de Eirís e Novo Mesoiro

O Concello da Coruña ten en marcha o proceso que derivará na construción de tres novas hortas urbanas na cidade que contarán, en conxunto, con 217 parcelas de terreo, e que estarán situadas na zona do centro municipal Ágora, no Parque de Eirís e en Novo Mesoiro. A súa localización e características derivan dun proceso participativo coa veciñanza, o sétimo que se aborda dentro do programa A Porta Aberta, que desenvolve a concellería dirixida por Claudia Delso. A intención do executivo é que os tres novos espazos estean rematados contra final de ano, de cara a poder iniciar, posteriormente, o proceso de inscrición das persoas interesadas en facer uso destas hortas urbanas de forma gratuíta.

A horta urbana do Ágora ten un orzamento de 115.000 euros, e ofrece á poboación 112 parcelas nas que poder traballar a terra. A súa localización está comprendida entre o centro municipal e a denominada Arqueta dos Frades, que se atopa protexida por Patrimonio. Esta horta urbana dará servizo aos barrios tanto da Agra

do Orzán como de Visma, Mariñeiros e Rosales.

Por outro lado, a ecohorta que se situará en Eirís estará localizada na parte sur do parque, contará cun presuposto de execución de 125.000 euros e sumará 75 parcelas. A intención é que dea cobertura non só ao barrio de Eirís, senón tamén as zonas de Casablanca, Castrillón e Oza. As hortas de Novo Mesoiro terán 30 parcelas e un orzamento de 41.000 euros. A titular de Medio Ambiente comentou que o proxecto está reformulándose nestes momentos debido a aparición do terreo sobre o que se pretendía operar dunha vía de auga. "En todo caso, o único que ocorrerá é que a construción se atrasará un pouco por esta cuestión", explicou.

Os tres proxectos contarán cunha serie de elementos comúns, como son un sistema de rego cómodo, cunha billa cada dúas parcelas, pilas de lavado para as verduras e ferramentas de labranza e un peche perimetral do recinto. Tamén están contemplados nos proxectos construtivos camiños, almacéns para gardar os equipamentos de uso comunitario e composteiros.

A escritora María Solar dará conta da pegada da expedición Balmis na cidade durante o segundo dos Paseos pola Coruña Literaria

O segundo dos Paseos pola Coruña Literaria, que organiza o Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Coruña xunto coa Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, e que

se celebra o 7 de outubro (17.30 horas), contará coa participación da escritora María Solar, que abordará a pegada da expedición Balmis na cidade, como xa relatou na súa obra Os nenos da varíola. O roteiro levará

aos e ás participantes da man pola historia e a ficción literaria, un paseo para recuperar parte da memoria da cidade, que foi o escenario daquela ruta, que partiu en 1803 ado peirao coruñés na corveta María Pita para levar a vacina da varíola a América, a través dunha cadea de vacinación a 22 nenos orfos. As persoas interesadas poden inscribirse de forma presencial, na Conserxaría do Centro Ágora, ou no 981 189 888 ou enviando un correo electrónico a [\[gua@coruna.es\]\(mailto:gua@coruna.es\), onde deberá constar o nome e apelidos e un teléfono de contacto.](mailto:lin-</p>
</div>
<div data-bbox=)

Tras a cita do vindeiro día 7 de outubro quedan aínda outros dous Paseos pola Coruña Literaria, que terán lugar o 21 de outubro (de 12.00 a 13.30 horas), cunha ruta sobre sobre Agustín Fernández Paz guiada por María Jesús Fernández, e o 4 de novembro (de 12.00 a 13.30 horas) con Xabier P. DoCampo. As inscricións abranse, respectivamente, o 9 e o 30 de outubro.



A V Carreira Popular do Ventorrillo, celebrada o domingo 24 de setembro, supón o peche da tempada no circuito municipal de carreiras populares 'Coruña Corre'. Abdelaziz Fatihi (18 minutos e 39 segundos) e Sofía Fernández (22 minutos e 59 segundos) gañaron a proba absoluta.

O edil de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, participou na entrega de medallas as primeiras persoas clasificadas das diversas categorías.

Quintela de Mazaira, de Sotelo Blanco, historia do rural en Caldelas

O presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, a alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega e o escritor e editor Olegario Sotelo Blanco, presentaron no Centro Cultural “Marcos Valcárcel” o libro *Quintela de Mazaira*, do que é autor Sotelo Blanco.

Trátase dunha obra que, segundo destacou Manuel Baltar “é un referente da nosa etnografía literaria”, afirmando que se trata “dun completo estudo etnográfico de Quintela, parroquia de Mazaira, no Concello de Castro Caldelas, unha aldea como moitas outras, sobre a que Olegario Sotelo basea as súas reflexións de neno criado no rural ourensán, un espazo que conecta a persoas e xeracións”.

Nesta obra, o autor aborda a cuestión do medio rural galego desde diferentes perspectivas como a antropolóxica, os oficios, as lendas, e por suposto, a emigración”, dixo Baltar, quen sinalou que Olegario Sotelo “representa moi ben a ese ourensán universal que eu defino con tres características: creativo, traballador e emigrante”.

Sotelo Blanco explicou que a obra “recompila as experiencias dos 18 anos que vivín no mundo rural” e aínda que emigrou, o autor reconece que sempre estivo en contacto coa súa aldea: “según todo o proceso de despoboamento e coa perda de iden-



Olegario Sotelo, Manuel Baltar e Sara Inés Vega, na presentación do libro.

tidade que se vivía”. Ademais, no libro incorpora entrevistas que realizou aos veciños da aldea “para que achegarán tamén a súa experiencia e

foran testemuña dese mundo que desaparece”, sinalou Olegario Sotelo, quen dixo que o obxectivo é “trasladar aos lectores esa sensibilidade do mundo rural que está a desaparecer”.

Quintela de Mazaira mostra moitos aspectos que son comúns ás aldeas de Galicia rural das provincias interiores, e ao mesmo tempo, achega as súas propias características específicas, invitando ao lector a reflexionar sobre a dirección que tomaron de cara a globalización.

Fillo de Caldelas

A alcaldesa de Castro Caldelas agradeceu a Olegario Sotelo “fillo de Caldelas” por “plasmar neste libro o teu cariño pola terra de Caldelas a través das vivencias que rememoran

a forma de vida de antes e que nos ensina a ter orgullo do lugar, do pobo”.

O libro, de 436 páxinas, comenza cun comentario de Sara Inés Vega e outro de Manuel Baltar. Sigue a introdución e vinteun capítulos, oito entrevistas e unha galería fotográfica. Foi editado conxuntamente pola Deputación, Concello de Castro Caldelas e a Fundación Sotelo Blanco. O autor ten publicados desde 1978 outros libros como: *Galicia pueblo emigrante Por qué?*; *Castro Caldelas y su comarca*; *88 gallegos. Una tierra a través de sus gentes*; *Hermano Antonio*; *Justo Molinero, un gran comunicador*; *Conversas con Xaime Quessada*; *A emigración galega en Catalunya*; *Antropoloxía cultural da Terra de Caldelas*; *El problema de la vivienda, la pesadilla de encontrar piso*; *A concentración parcelaria*; *Contos de indianos*; *Os afiadores. A industria ambulante*; *As voltas ós mundos de Tucho*; *El viaje de la vida* e *Non houbo queixa e outros contos exemplares* (2011).



Allariz convértese en vila literaria durante o Poemagosto 2017

Allariz énchese de poesía e música nunha nova edición do Poemagosto. Entre o 13 e o 15 de outubro o Festival de Poesía ofrecerá unha nova proposta e reunirá a voces literarias internacionais. O elenco poético terá acentos varios, galego, portugués, castelán, catalán, euskera, asturiano, italiano, chinés e ruso.

O Festival de Poesía pretende ampliar o calendario de actividades reforzando a imaxe de Allariz como “Vila literaria”. Os poetas darán recitais polas rúas de Allariz, participarán en sesións de micro aberto. O domingo terá lugar o combate poético entre os que escriben poesía en galego.

A música será parte importante do cartel coas actuacións de Antía Otero e Yolanda Castaño e o cantauto Luis Pastor (o venres) e os Folkólicos, a compañía do ruído e Raiba (o sábado) así como Cinta Adhesiva que, o domingo, rematará cun concerto poético coa música adaptada aos poemas de Silvia Penas.

A programación inclúe actividades para os nenos coa actuación de Peter Punk Pallaso, unha charla recital e a presentación do libro “Hermano Asno” e un xantar popular que será “o punto de referencia para xuntar poetas e público”.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

Arcadio López Casanova recibiu o Premio Otero Pedrayo 2015

No paraninfo da Deputación celebrouse o acto de entrega do Premio Otero Pedrayo a Arcadio López Casanova. O galardoador delegou a súa participación no tamén poeta e presidente do Centro PEN Galicia, Luís González Tosar. O premio ten unha dotación económica de 16.000 euros e fixa os seus principais en recoñecer as contribucións eminentes á cultura galega, promover os valores propios de Galicia e perpetuar e honrar a memoria de Ramón Otero Pedrayo. O galardón ten carácter anual e rotativo, polo que se convoca cada ano por unha das deputacións provinciais, en colaboración coa Consellería de Cultura. Ademais de representantes da Deputación convocante e da Consellería, no xurado participan membros das tres universidades galegas, da Real Academia

Galega, e do Instituto Padre Sarmiento, ademais de cinco persoas independentes designadas pola Xunta, de solvencia científica e literaria.

Prolífica traxectoria

O responsable de Política Lingüística incidíu no carácter “transversal e integrador” deste premio, instaurado no ano 1977, e co que foi recoñecido o labor de persoeiros como Francisco Fernández del Riego, Isaac Díaz Pardo, Manuel María, Uxío Novoneyra, Neira Vilas e Carlos Casares, entre outros. Saliantou na súa intervención a valiosa contribución de Arcadio López, profesor, crítico literario e poeta lucense, ao desenvolvemento da cultura galega e á difusión da súa lingua propia, a través da súa “extensa traxectoria como escritor e investigador”. Neste sentido, definiu ao intelectual como un poeta cunha excelsa

producción literaria, autor de monografías e estudos literarios dedicados a Rosalía, Curros, Amado Carballo, Pimentel, Cunqueiro e Celso Emilio Ferreiro; e como un magnífico docente. Deste xeito, García Gómez referiuse a Arcadio López Casanova como “un firme defensor e difusor da nosa lingua”.

Nado en Lugo en 1942, Arcadio López-Casanova é profesor, crítico literario, poeta, tradutor, antólogo e editor de textos literarios. Ao longo da súa prolífica traxectoria ten realizado, a maiores da súa obra poética, incursións noutros ámbitos das letras como o teatro, o relato e a tradución. O galardoador é membro de honra da Real Academia Galega desde 2013 e ten visto recoñecido o seu labor como premios como o Voz de Liberdade, que lle entregou o Centro PEN Galicia en 2015.



Tosar, segundo pola esquerda, representou ao homenaxeado.

Escolma do pintor lucense Randolfe Vilariño



O pintor de Carballo no Museo provincial.

Cultura mellorará a igrexa de Pinol e conservará as súas pinturas murais

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, investirá 154.275 euros na igrexa de San Vicente de Pinol (Sober) co fin de mellorar as condicións de funcionalidade e habitabilidade do templo e, en consecuencia, protexer e conservar as pinturas murais e artesoado da cuberta. En concreto, as pinturas atópanse nos muros norte e sur da nave principal, así como no arco triunfal da cabeceira, e poden situarse no século XVI.

A formalización do contrato de obras, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (80%), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, saíu publicada no Diario Oficial de Galicia. Cun prazo de execución de cinco meses, a restauración contempla a eliminación de entrada de humidade pola cuberta, das humidades polos paramentos, da drenaxe interior (humidades polo chan), así como a restauración da portada, do rosetón, da escaleira de acceso á espadana, das car-



Veciños de Pinol, conselleiro de Cultura e alcalde de Sober na igrexa.

pinterías e ferraxería e da instalación eléctrica e alumeado.

Accións

Nunha primeira fase acometeranse as actuacións de conservación do artesoado existente para, con posterioridade, executar as diferentes actuacións estruturais tanto na nave principal (recuperación da armadura de par e tirante) como no cruceiro, presbiterio, sancristía e acceso á reitoral. Tamén se levará a cabo a restauración do artesoado existente e a renovación total da cuberta de tella árabe. En canto aos trata-

mentos e acabados exteriores, as actuacións principais proxectadas varían en función do tipo de fábrica, rexuntándose con morteiro de cal as canterías da nave principal e revocándose á morica os paramentos do cruceiro. Tamén se executarán actuacións de eliminación das humidades que proveñan do chan cun sistema de franxa e tubo drenante, acometeranse traballos de restauración na carpintería existente, renovarase a porta da reitoral e mellorase a ventilación da igrexa, a súa instalación eléctrica e alumeado básico.

A mostra pictórica Escolma do artista lucense Xosé Randolfe Vilariño estará exposta ata o 15 de outubro no refectorio do Museo provincial de Lugo. Escolma está composta por 17 pinturas seleccionadas polo propio Randolfe Vilariño, exclusivamente para esta exposición, na que se recolle un anaco da ampla e brillante traxectoria do artista lucense, así como os diferentes estilos, formas, cores e temáticas; entre as que destacan temas recorrentes como a figura feminina ou a vexetación, ademais de reflectir a súa preocupación por temas sociais, entre os que sobresa a violencia de xénero. Nos seus cadros o pintor plasma as diferentes influencias e referencias pictóricas, como os movementos vangardistas de finais do século XIX e do XX,

entre os que predomina o expresionismo, distintos trazos de cubismo, arte pop, surrealismo ou o movemento figurativo, entre outros moitos.

Xosé Randolfe Vilariño naceu no Concello de Carballo en 1960. Estudou na escola Mestre Mateo de Santiago de Compostela, onde se graduou en Artes aplicadas, na especialidade de esmaltes. En 1984 realizou unha viaxe de formación a París e posteriormente a Florencia. En 1987 participou como invitado na Bienal de Esmalte de Limoges, (Francia), na sección de novas tendencias na arte do esmalte. Ao longo da súa obra, maioritariamente pictórica, o autor experimentou tamén coa escultura. Randolfe Vilariño xa expuxo parte da súa obra por distintos puntos da provincia lucense, Galicia, Barcelona e Francia.

12 de
outubro
2017



Terra de Montaña
Destino Turístico

www.concellodemontederramo.org

T. 988 29 20 00

Montederramo



En Montederramo 120 familias posúen 5.300 cabezas de gando bovino

Montederramo celebra a XXIV edición da Feira da Carne o día 12 de outubro. Na xornada anterior, a partir das dez da noite, haberá un concerto de música folk na praza do mosteiro. Xa no Día do Pilar haberá pasarrúas, mercado, exposición de gando selecto e festa

gastronómica a partir da unha da tarde con degustación de carne en diversas preparacións, amenizada por charanga e gaiteiros.

Antonio Rodríguez Álvarez, alcalde do municipio, considera que asistirán mil comensais, tendo en conta os anos anteriores, que poderán degustar 800

quilos de carne de tenreira en empanada, richada e ó caldeiro. O menú inclúe pan, bica, viños e licores da comarca.

O rexidor sostén que no Concello hai 5.300 cabezas de gando bovino nas 120 explotacións gandeiras que posúen outras tantas familias. Laiase o

alcalde dos incendios forestais deste verán que queima-



Antonio Rodríguez Álvarez, á dereita, co alcalde da Teixeira.

ron 200 rulos de herba na parroquia de Marrubio. "Por outra banda, a seca provocou unha co-

lleita menor de herba e escasez de auga para abrega-lo gando" explica Rodríguez Álvarez.



Comensais degustando a afamada carne de Montederramo.



988 29 20 39 / 89 - 639 51 54 06 | MONTEDERRAMO (Ourense)

Escavacións do complexo arqueolóxico das Conchas

O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), asina un convenio de colaboración con Aquae Querquennae Via Nova, Fundación que xestiona o complexo arqueolóxico situado no encoro das Conchas en Portoquintela (Bande- Ourense).

Este convenio que foi rubricado na sede da CHMS, por Francisco Marín Muñoz, presidente do Organismo de conca, e por Luís Fernando Quiroga Piñeyro, presidente do Padroado da Fundación, regula unha subvención nominativa de 20.000 euros a favor da Fundación para contribuír á campaña de escavación no complexo arqueolóxico Aquis Querquennis para o exercicio 2017. No acto de firma estiveron acompañados polo vicepresidente da Fundación, Antonio Rodríguez Colmenero.



Francisco Marín e Luís Fernando Quiroga.

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil colabora nesta campaña tendo en conta o interese do Organismo de conca na conservación do bo estado das augas do encoro e As Conchas e da contorna no que se enmarcan, por situarse o complexo en zona de dominio público hidráulico e por ser esta a única entidade que xestiona o citado xacemento.

Pola súa banda, a Fundación

comprométese a xustificar ante a CHMS o cumprimento das condicións de execución así como a consecución dos obxectivos previstos. A tales efectos, e en todo caso antes do 1 de decembro, achegaranse as correspondentes facturas, nas que se farán constar os gastos ocasionados e os distintos conceptos, acompañados dos oportunos xustificantes das actuacións realizadas.

Sarabela Teatro estreou O Rei morre, de Ionesco,

Sarabela Teatro estreou no Auditorio Municipal a súa última obra: O Rei morre, unha versión libre do texto orixinal de Eugene Ionesco coa dirección de Ana Vallés. A dramaturga define a obra coma “unha metáfora do tirano que se aferra ao poder”.

O alcalde, Jesús Vázquez, destacou que “Sarabela Teatro, premio da Cultura Galega nas Artes Escénicas 2016, vai camiño de ser patrimonio cultural desta cidade” logo xa de “36 anos con nós descubríndonos a autores como Calderón, Lorca, Blanco Amor, Kundera ou, coma neste caso, a Eugene Ionesco, mestre do teatro do absurdo”. Vázquez Abad animou igualmente aos ourensáns a acudir ao Auditorio para gozar “dunha das metáforas dramáticas máis profundas e implacables sobre a vida e a morte do ser humano”, dixo, “un ambicioso ensaio sobre a aprendizaxe e a aceptación da morte interpretado a través do traballo do corpo, dos



Presentación da obra de Eugene Ionesco.

textos e da linguaxe non verbal que supón a posta en escena”.

Ana Vallés, directora de teatro e actriz, cofundadora de Matarile Teatro ten galardóns coma o premio de honra Abrente da mostra internacional de teatro de Ribadavia (MIT). Na parte interpretativa están o elenco composto por Fonso Míguez, Fina Calleja, Sabela Gago, Nate Borrajo e Fernando Dacosta. Este último salientou que “entrar na poética de Ana Vallés é un regalo para todos nós pola precisión e o traballo co corpo”, dixo. Pero tamén destacou o carácter

educativo e divulgativo desta “obra parateatral”.

A estrea de Sarabela supón unha excelente noticia para a cultura e para a vida cultural desta cidade, que abre o telón de actividades coma o Piano Meeting, o ciclo de lírica, o OUFF, o Enclave de Cámara ou a Fito, tamén no eido das artes escénicas, “que fan de Ourense unha cidade viva, un depósito da cultura e un lugar fantástico para descubrir e gozar de todo o talento acumulado”, incidía Jesús Vázquez.

O Anuario da Gaita está dedicado ao estudo da cornamusa

A 31ª edición do “Anuario da Gaita” está dedicado ao estudo e á investigación do instrumento senlleiro de Galicia, a cornamusa. A publicación, editada pola Deputación por medio da Escola Provincial de Gaitas, é “única nas súas características en Galicia, achegando ao lector investigación, tradición, cultura e etnografía dedicada integramente a gaita”, explicou Rosendo Fernández, vicepresidente da Corporación provincial, quen destacou o labor que desenvolve a Escola Provincial de Gaitas “con numerosas iniciativas que poñen en valor a nosa cultura e a nosa tradición”. Fernández dixo que o “Anuario da Gaita” é “unha publicación pioneira dentro do seu xénero, sendo un traballo que aposta pola defensa do noso e pola identidade propia”. Nese mesmo senso, Xosé Lois Foxo, director da Escola, sinalou que se trata da publicación “monográfica máis antiga no ámbito da cornamusa”.

O “Anuario da Gaita” recompila un resumo das actividades vencelladas ao mundo da gaita, ademais de ser un traballo científico que serve de fonte de información. “Temos aberta

unha investigación en Mesopotamia referida a imaxes de gaiteiros que apareceron recentemente do 600 a.C. O “Anuario da Gaita” é unha busca constante de referentes históricos”, explicou Foxo. “A publicación envíase de forma gratuíta a 500 bibliotecas de todo o mundo e é un referente para estudosos que atopan nestes 31 tomos a historia de todos os coñecementos que hai sobre este instrumento”, sinalou Xosé Lois Foxo.

Pola súa parte, Manuel Doval, deputado de Cultura, dixo que este traballo “ten dinamizado o mundo da cornamusa e con todo o que representa e significa para a nosa terra. Tamén serve para recoñecer aos que nos precederon, ilusionar e servir de fachón para os gaiteiros de hoxe, e un gran exemplo para futuras xeracións”.

Ademais, Xosé Lois Foxo adiantou que a Real Banda de Gaitas actuará o día 15 de outubro na Praza de San Pedro en Roma, na canonización do beato Faustino Míguez de Celanova. A Escola Provincial de Gaitas sempre trata de levar “a nosa música e construír a nosa historia, a historia da gaita”, engadiu o director da Escola.



Foxo, Fernández e Doval.

Enclave de Cámara traerá as mellores composicións desde o Barroco

A quinta tempada do ciclo de música clásica Enclave de Cámara traerá a Ourense, na súa cita mensual un amplo repertorio desde o último Barroco á contemporaneidade interpretado por músicos de primeiro nivel internacional. Na presentación en rolda de prensa, o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez salientaba “a inesgotable paixón divulgativa deste programa, pero non só para os clásicos senón para as propostas máis arriscadas e innovadoras”. Precisamente era ese “valor didáctico” o que destacaba a concelleira de Cultura, Belén Iglesias, de todas as propostas da área de Cultura.

Grazas á cooperación da Deputación, o Teatro Principal acollerá “unha programación heteroxénea, tanto en compositores como intérpretes, cun amplo abano de estilos que van desde as Catro Estacións de Vivaldi até as composicións de Fernando Guridi coa solista Cristina Pato ao piano”, relataba Patrick Alfaya, asesor de programación do Enclave de Cámara. Nesta nova aposta do con-



A primeira cita será o mércores 4 de outubro co grupo de corda Dalia Quartet.

cello de Ourense pola música clásica procurouse facer unha proposta ampla e atractiva que inclúe pezas de Bach, Haydn, Mozart, Beethoven, Rossini, Schumann, Brahms, ata os máis contemporáneos como Bloch, Nielsen, Reicha, Stravinsky, Piazzola, e o catalán Cassadó.

Obras para diferentes épocas e estilos, e tamén para diferentes formatos. Así, pasarán polo Teatro da rúa da Paz cuartetos, dúos, quintetos e sextetos, para termi-

nar co recital duns dos pianistas máis recoñecidos da actualidade: Nikolai Lugansky. Pero tamén haberá espazo para os intérpretes galegos como son os solistas de vento da Sinfónica de Galicia e Cristina Pato, que estará xunto a un músico tan versátil como Nicholas Cords interpretando a Guridi, “un dos mellores compositores contemporáneos”, en palabras de Patrick Alfaya. Os prezos das entradas oscilan entre o 5 e os 8 euros.

Enclave de Cámara

V CICLO DE MUSICA DE CÁMARA

PROGRAMA 2017-2018

FECHA	ARTISTA	INSTRUMENTOS
4 OCT 2017	DALIA QUARTET	cuarteto de cordas
2 NOV 2017	LEONARD ELSCHENBROICH ALEXEI GRINYUK	violonchelo piano
14 DEC 2017	CRISTINA PATO NICHOLAS CORDS	piano viola
11 XAN 2018	SOLISTAS DE VENTO DA ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA	cuarteto
7 FEB 2018	DÚO CASSADÓ	violonchelo e piano
5 ABE 2018	IAGOBA FANLO	violonchelo
3 MAI 2018	ENSEMBLE PRAETERITUM	cuarteto de cordas
7 XUN 2018	NICOLAI LUGANSKY	piano

Todas as entradas a partir das 20:30 h no Teatro Principal de Ourense.

MÁS ENCLAVE: ESCORBA AO XINERO, MARALLA DO ENCLAVE, CHISQUELOS DO ENCLAVE. máis información en: www.enclavedecamara.com

Colaboradores: Círculo de Cámara Ourense, Barrocos do Ourense.

Patrocinadores: Círculo de Cámara Ourense, Barrocos do Ourense, CFTVG, Ourense, Galicia, etc.

XXI Certame Fotográfico Viña do Campo

Angel Atanasio Recuncho, de Alcázar de San Juan (Ciudad Real), coa súa foto titulada “Alma de viño,” resultou gañador do XXI Certame Fotográfico Viña do Campo, convocado por Adegas Do campo e polo que recibirá 2.000 euros e diploma. O segundo premio correspondeu a José Manuel Mañquez Mijares, de La Línea de la Concepción-Cádiz, pola foto titulada “Pisando a uva” dotado con 785 euros e diploma. “Viño” é o título da foto que obtivo o terceiro premio, sendo o seu autor Juan Manuel Maroto Romo, de Ogijares-Selecta quen recibirá 350 euros e diploma. Ademais, o xurado decidiu outorgar un

accésit á foto titulada “Unha mirada ao pasado”, presentada por Antonio Atanasio Recuncho, de Villarrubia dos Ollos-Ciudad Real.

Con estas fotos e aquelas que a xuízo do xurado reúnen unha calidade, sendo ademais finalistas, montarase unha exposición incluída na programación do Outono Fotográfico.

Na XXI edición participaron preto

de tres centenas de fotografías procedentes, ademais de toda Galicia, das comunidades autónomas do País Vasco, Cantabria, Navarra, Cataluña, Andalucía, Castela a Mancha, Madrid, Asturias, A Ríoxa, Murcia, Canarias, Aragón, Valencia, Extremadura e Castela León, así como de Portugal e Hispanoamérica. A entrega dos premios efectuarse no mes de outubro.



Segundo premio. Pisando a uva.



Terceiro premio. Viño.



Primeiro premio. Alma de viño.

OUTONO/OTOÑO 2017

A CAIDA DA FOLLA RIBEIRA SACRA

10-11-12-13-14 OCTUBRE

UNA SEMANA MÁS DE ROMÁNICO

- Ampliaremos las rutas guiadas de románico para el mes de octubre. Conoce los secretos mejor guardados de los templos más destacados de O Saviñao, Pontón, Sober, Carballido, Taboada y Chantada.
- Apta para todos los públicos.
- Consultar horarios y puntos de encuentro en www.ribeirasacra.org

12 OCTUBRE

GEÓLOGOS POR UN DÍA I: EL ORIGEN DEL CANÓN + MAGOSTO

- El porqué se han generado estos cañones, que han marcado y siguen marcando la vida de los habitantes de esta zona, te lo podemos explicar desde miradas impresionantes y lugares interesantes. Finalizaremos con un magosto "geológico". Alto del Rodicio Verengo-Balcones de Madrid-Cristosendo-A Fábrica da Luz. Apta para todos los públicos.
- 16:00 h - 20:00 h
- Punto de encuentro: Monasterio de Xunqueira de Espadanedo

29 OCTUBRE

CESTAS Y ¡AL BOSQUE! I: MICROLOGÍA EN RS

- Desayuno
- Taller de formación sobre setas con micólogo
- Comida degustación con setas de Ribeira Sacra
- Salida al campo para recoger setas con guía especializado
- Taller de clasificación de setas
- 09:30 h - 19:00 h
- Punto de encuentro: Centro de Inmersión Lingüística de Os Peares (edificio amarillo preso)

4 NOVIEMBRE

MASTER-CHEF-RURAL CASTAÑAS Y CARRIOZAS: COCINEMOS PARA NUESTRO MAGOSTO

- Una jornada en la que visitaremos los bosques de castaños para adentrarnos después en la cocina y competir por equipos bajo las instrucciones del chef. Prepararemos platos saludables y dulces de temporada con las que más tarde celebraremos nuestro particular magosto.
- 17:00 h - 21:00 h
- Punto de encuentro: Plaza Concello de Pontón

21 OCTUBRE

BOSQUES MÁGICOS: EN LAS RIBERAS DEL MIÑO CUENTAN QUE...

- Ruta guiada para adentrarse en el corazón de un bosque encantado y de las viñedos de la mano de un contador de historias.
- Comida tradicional
- 12:00 h - 16:30 h
- Punto de encuentro: Belaser/Chantada
- Se concretará punto exacto.

29 OCTUBRE

PAISAJES DE OTOÑO I: EL LOIO A LA PUESTA DE SOL

- Ruta fotográfica semicircular a orillas del Loio (PR-G 14, 8,0 km, 3 horas) con experto en fotografía y monitores. Durante la ruta se harán varias paradas para las que requieren explicaciones técnicas o consejos con la cámara.
- 16:00 h - 19:00 h
- Punto de encuentro: Piscinas Municipales de Paradelo
- * Incluye regreso en bus al punto de salida
- * Se recomienda llevar linterna

5 NOVIEMBRE

CESTAS Y ¡AL BOSQUE! II: MICROLOGÍA EN RS

- Desayuno
- Taller de formación sobre setas con micólogo
- Comida degustación con setas de Ribeira Sacra
- Salida al campo para recoger setas con guía especializado
- Taller de clasificación de setas
- 09:30 h - 19:00 h
- Punto de encuentro: Albergue de Quiroga

22 OCTUBRE

GEÓLOGOS POR UN DÍA II: MINERÍA AURÍFERA

- El oro forma parte de la historia de Ribeira Sacra, especialmente en las valles de los ríos Sil y Lúa, y por eso queremos mostrarte algunos de los yacimientos arqueológicos en los que conoceremos los sistemas de explotación que el imperio romano empleaba para extraer oro de los montes. Y existe la posibilidad de presenciar una demostración de la extracción de este material precioso. ¿Seremos capaces de encontrarlo?
- Quiriga-A Pobra da Brella. Apta para todos los públicos.
- 10:30 h - 14:30 h
- Punto de encuentro: Parque de los Condes, Menfente de Lemos

28 Y 29 DE OCTUBRE

RECURSOS SILVESTRES CON LOS 6 SENTIDOS: VER, TOCAR, OLER, OÍR, COMER Y PENSAR.

- Buscaremos plantas medicinales, aromáticas, cesteras, alimenticias, y otras para construir juguetes. Degustaremos productos locales. Aprenderemos a cocinar y preparar conservas con productos silvestres, también productos de higiene y estética como ungüentos y jabones. Los más pequeños construirán sus juguetes y disfrutarán de leyendas y cuentos tradicionales. Un fin de semana de lo más diverso y completo para personas de todas las edades. Más información en nuestra web. Más información en la web.
- Sábado de 10:00 a 20:00 h y domingo de 10:00 a 14:00 h
- Punto de encuentro: IES Val do Asma (Acceso desde N-540 a Chantada)
- Más información en www.ribeirasacra.org

11 NOVIEMBRE

MASTER-CHEF-RURAL CASTAÑAS Y CARRIOZAS: COCINEMOS PARA NUESTRO MAGOSTO

- Una jornada en la que visitaremos los bosques de castaños para adentrarnos después en la cocina y competir por equipos bajo las instrucciones del chef. Prepararemos platos saludables y dulces de temporada con las que más tarde celebraremos nuestro particular magosto.
- 17:00 h - 21:00 h
- Punto de encuentro: Oficina de Turismo de Paradelo de Sil

28 OCTUBRE

OTOÑO A VISTA DE RÍO I: VIÑEDOS DEL SIL

- Ruta guiada en kayak por el Sil (2 horas de duración y apta para principiantes)
- 11:00 h - 14:00 h
- Punto de encuentro: Embarcadero de A Abelada (Castro Caldelas)

4 NOVIEMBRE

PAISAJES DE OTOÑO II: POR EL SIL

- Ruta fotográfica entre el meandro de A Cubela y Augasmestas (PR-G 180, 14 km, 5 horas) con experto en fotografía y monitores. Durante la ruta se harán varias paradas para las que requieren explicaciones técnicas o consejos con la cámara.
- 09:00 h - 14:30 h
- Punto de encuentro: Salida N-120 dirección Castro de Abelada (Ribas de Sil)

12 NOVIEMBRE

OTOÑO A VISTA DE RÍO II: RIBERAS DEL MIÑO

- Ruta guiada en kayak por el Miño (2 horas de duración y apta para principiantes)
- 11:00 h - 14:00 h
- Punto de encuentro: Área recreativa de Moirgo (Pontón)

GEÓLOGOS POR UN DÍA

- 1 geólogo
- 1 guía oficial (en ruta II)
- Transporte en minibús
- Merienda de magosto (en ruta I)
- Máximo 20 plazas; Mínimo 10 plazas
- 10 € por persona
- Sorteo 1 noche de alojamiento para dos personas en establecimiento de turismo rural (un bono en cada jornada)

BOSQUES MÁGICOS

- 1-2 monitores
- Comida de vendimia
- Orientado a público infantil acompañado de adultos
- Máximo 20 plazas; Mínimo 10 plazas
- 15 € por persona; 8 € niños menores de 12 años
- Sorteo de libros infantiles

OTOÑO A VISTA DE RÍO

- 3 monitores experimentados
- Charla de seguridad/transporte
- 20 botellas de agua con neoprenos, chalecos, ...
- Máximo 40 plazas; Mínimo 16 plazas
- Apta para principiantes
- 8 € por persona
- Sorteo 1 noche de alojamiento para dos personas en establecimiento de turismo rural (un bono en cada jornada)

CESTAS Y ¡AL BOSQUE!

- Formador profesional
- Guía experimentado
- Desayuno y comida en las jornadas
- Navaja, Guía micológica, Cuchara y botella
- Máximo 15 plazas; Mínimo 7 plazas
- 30 € persona / 15 € niños menores de 12 años
- Sorteo de cestas mimbre

PAISAJES DE OTOÑO

- Experto en fotografía
- 1-2 monitores
- Máximo 30 plazas; Mínimo 15 plazas
- 5€ por persona
- * Incluye regreso en bus en rutas no circulares
- Sorteo paseo en zodiac por el Miño para dos personas (3 bonos por jornada)

MASTER-CHEF-RURAL CASTAÑAS Y CARRIOZAS

- 2 monitores
- Merienda de Magosto
- Orientado a público infantil acompañado de adultos
- Máximo 16 plazas; Mínimo 10 plazas
- 15 € por persona; 8 € niños menores de 12 años
- Sorteo de hicos y cremas de castaño (15 uds.)

RECURSOS SILVESTRES CON LOS 6 SENTIDOS

- 4 monitores
- Comida degustación con productos locales y silvestres
- Apta para todas las edades
- Incluye actividades específicas para adultos y otras simultáneas para niños
- Máximo 30 plazas; Mínimo 10 plazas
- 25 € por persona; 10 € niños menores de 12 años

CONDICIONES GENERALES: Reservar cada propia para desplazamiento hasta inicio ruta/actividad. Las actividades que la requieren incluyen desplazamiento en minibús como se indica. Posibilidad de aplazamiento de actividades por condiciones meteorológicas adversas. El Consorcio se reserva el derecho a modificaciones de las actividades en caso de imprevistos.



Ribeira Sacra
CONSORCIO DE TURISMO



XUNTA DE GALICIA

galicia

A Caída da Folla na Ribeira Sacra

Por Sandra Seara

xerente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

O Consorcio de Turismo Ribeira Sacra abriu a páxina de inscricións para o programa de outono "A Caída da Folla na Ribeira Sacra 2017". Logo do éxito acadado en anteriores edicións e partindo de que esta é a tempada na que o Consorcio quere centrar máis os seus esforzos promocionais, propon un programa máis amplo e diverso.

Dentro dos medios dispoñibles, a nosa teima é que os meses de setembro, outubro e novembro se convirtn en meses turísticos para a Ribeira Sacra acadando pouco a pouco a ansiada desestacionalización. O público sobre

o que se traballa é totalmente diferente ao que visita a zona nos momentos de maior afluencia. Busca experiencias únicas en lugares pouco masificados onde a paisaxe e a gastronomía teñen grande protagonismo.

Mantemos experiencias máis exitosas como as relacionadas cos cogumelos, os percorridos en kayak ou as sendas fotográficas. Incorporamos outras novidades nesta programación coas rutas xeolóxicas na zona de Quiroga e A Pobra do Brollón e tamén no Canón do Sil (xa organizadas na pasada Semana Santa). As actividades en familia e vencelladas coa cociña son outra

das propostas, aproveitando que as datas coincidirán coa emisión do programa "MasterchefCelebrity" en Ribeira Sacra.

Os sentidos e as tradicións levarannos a preparar conservas propias do outono, a escoitar lendas e cantos, a construír xoguete no bosque, a falar probando os produtos da terra. Así mesmo, estreamos o programa ampliando unha semana máis as rutas guiadas do románico para dar cobertura á ponte do 12 de outubro.

A filosofía segue a ser a mesma: Pensado para pequenos grupos que garantan o disfrute da experiencia. Ese é o perfil co que

se debe traballar neste destino, porque é o que se axeita ás características dos recursos, dos produtos e da meirande parte da infraestrutura e servizos turísticos. Os establecementos de turismo rural e o resto de aloxamentos poderán paquetizar estas actividades cos seus servizos para atender as demandas do público, que, se acontece como en anos anteriores, buscarán onde pernoctar a fin de semana (ese é un dos principais obxectivos).

Estas propostas non deixan de ser exemplos de traballo que nos gustaría que adoptase a propia oferta do territorio de xeito pro-



gresivo para converter a Ribeira Sacra no referente galego para o outono.

As reservas de prazas faranse a través dunha páxina propia do programa de xeito moi sinxelo que estará visible no portal habitual de turismo www.ribeirasacra.org.

Velada de homenaxe no 166 aniversario de Emilia Pardo Bazán

O espírito dos encontros literarios que ela mesma organizaba na súa casa da rúa Tabernas da Coruña a finais do século XIX marcou a primeira velada de homenaxe a Emilia Pardo Bazán, celebrada entre as mesmas paredes. A Real Academia Galega, a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán e Marineda City, o centro comercial que leva o nome literario que a escritora lle deu á cidade da Coruña, quixeron celebrar o 166 aniversario do nacemento da autora cunha reinterpretación desde o século XXI daqueles serás marcados pola literatura e a música. Varias mulleres do mundo das letras e as artes escénicas deron lectura a textos da homenaxeada e as integrantes de De Vacas puxeron a nota musical estreando unha canción dedicada á autora. Tam pouco faltou a gastronomía, da man do cociñeiro Iván Domínguez, que elaborou petiscos inspirados no receitairo de dona Emilia.

O presidente da Real Academia Galega e director da Casa-Museo, Víctor F. Freixanes, e Ana López, xerente do espazo comercial patrocinador da velada, foron os encargados de darlle a benvida aos convidados e convidadas, unha representación da vida cultural, empresarial e política da cidade e do país limitada en número polas esi-

xencias de conservación do espazo museístico ubicado no edificio brasonado do século XVIII que foi residencia de Emilia Pardo Bazán. A escritora medrou nesta casa nun ambiente liberal e culto, rodeada de libros, e nela tamén viviu de adulta cando organizaba faladoiros literarios e actos sociais aos que acudían figuras destacadas da intelectualidade da época.

Víctor F. Freixanes salientou que a Academia estará "sempre agradecida á familia e á memoria de Emilia Pardo Bazán" pola doazón da súa casa como sede da institución e que, ao mesmo tempo, a RAG "recoñece publicamente a significación da autora de La Tribuna e o seu compromiso con Galicia, moi especialmente coa cidade da Coruña (Marineda), materializado nunha obra extensa, intensa e universal". O presidente da RAG referiuse tamén ao convenio asinado o pasado 7 de setembro con Marineda City, ao abeiro do cal o centro comercial patrocina esta velada e outras accións de difusión da vida e da obra de dona Emilia, e se compromete a avanzar na galeguización das súas actividades e instalacións. "O acordo con Marineda City inicia un camiño de colaboración entre a sociedade civil e as institucións culturais que debemos estimular e que agradecemos tamén, polo que ten de sensibilidade a prol da lin-

gua e a cultura de Galicia. Esta lingua e esta cultura esixen o compromiso do conxunto da sociedade, non duns poucos escollidos", concluíu.

Ana López, xerente de Marineda City, puxo de manifesto o especial vínculo que o centro comercial ten coa figura de Emilia Pardo Bazán, xa que a súa denominación está inspirada na cidade imaxinada pola autora. "Desde o primeiro momento pareceume unha idea excelente establecer un acordo de colaboración coa Real Academia Galega e a Casa-Museo que permitise difundir a figura e a obra da escritora e que hoxe, con esta velada de homenaxe e os premios que patrocinamos, dá os seus primeiros froitos. Está iniciativa é un paso máis na reafirmación do centro comercial como impulsor da vida cultural da Comunidade e reforza a aposta de Marineda City por Galicia", explicou Ana López. O I concurso de relato breve Marineda: a cidade inventada por Emilia Pardo Bazán concederá dous premios para textos, de ata 4.000 caracteres, en galego e en castelán inspirados directamente na cidade da Coruña. Cada un deles estará dotado con 1.000 euros. A RAG, a Casa-Museo e Marineda City convocan tamén outro galardón de fotografía co mesmo nome e igual dotación.



Tras as palabras de benvida de Víctor F. Freixanes e Ana López, directora-conservadora da Casa-Museo, Xulia Santiso, deu paso á primeira actuación de De Vacas, coñecidas polas súas versións de grandes temas "venerados polas masas e maltratados pola historia". O cuarteto estreou unha versión especial para a ocasión na que, co seu habitual desenfado e humor, fai seu "A Vannes", composto por Michel Jonasz e popularizado nos anos 70 por François Hardy. A letra réndelle homenaxe a Emilia Pardo Bazán dándolle voz para se retratar en cada verso a si mesma: muller, culta, políglota, independente e avanzada ao seu tempo, como quedou demostrado tamén nos fragmentos da súa obra lidos nesta celebración, conducida pola académica Fina Casalderrey.

Fina Casalderrey participou tamén na parte literaria xunto á escritora Estibaliz Espinosa; a académica de número Marilar Aleixandre, a académica correspondente Olivia González, Xan Arias, da editorial Trifolium, e Xulia Santiso,

directora-conservadora da Casa-Museo. Estibaliz Espinosa escolleu varios fragmentos de La Tribuna sobre Marineda e a súa protagonista, Amparo e detívose tamén nas liñas de La piedra angular (1891) nas que define a beleza da Coruña e da súa propia casa da rúa Tabernas; Marilar Aleixandre afondou nos seus primeiros artigos en prensa sobre divulgación científica; Fina Casalderrey recordou o coñecemento e respecto polo traballo de Rosalía de Castro, e tamén a devoción pola paisaxe e a arte galegas, que amosou en De mi tierra (1888), obra escollida tamén por Olivia Rodríguez; mentres que Xulia Santiso e Xan Arias dramatizaron un par de fragmentos de Doña Milagros (1894).

O cociñeiro Iván Domínguez, do restaurante coruñés Alborada, distinguido cunha estrela Michelin foi o encargado de facer unha reinterpretación das receitas da escritora recollidas en La cocina española antigua e La cocina española moderna, das que seleccionou pratos como o caldo substancioso, as papas de millo etc.

Persoal municipal de Cabana e Rianxo coopera en Mozambique a través das Vacacións con Traballo

Empregadas dos concellos de Rianxo e Cabana de Bergantiños viaxaron no último mes a Mozambique para cooperar cos parceiros do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade a través das Vacacións con Traballo, o programa de voluntariado internacional dirixido aos cadros das administracións locais e provinciais socias da entidade. As dúas técnicas municipais regresan a finais de semana da súa estadia, na que achegaron un asesoramento profesional e se mergullaron na realidade do país africano.

Magui Docanto, traballadora social do Concello de Cabana, leva xa tres semanas colaborando coa Fundação Encontro, que na súa Área de Acción Social traballa nos eidos da educación e a saúde con tres grupos prioritarios: menores orfos e vulnerables, enfermos crónicos e persoas maiores desamparadas. A voluntaria está a percorrer as comunidades canda o equipo da ONGD, que solicitou asesoramento sobre todo para monitorizar e avaliar o labor que

se realiza. Magui Docanto tamén bota unha man no lugar onde se aloxa, a Casa do Gaiato, centro que acolle a máis de 150 nenos. Ademais, está a participar nas primeiras actividades do proxecto de cooperación que actualmente apoia o Fondo Galego nos distritos de Boane e Namaacha, apostando polo deporte para previr doenzas e adiccións na mocidade.

Uxía Cespón, educadora social do Concello de Rianxo, atópase desde principios de mes no Concello de Mandlakazi, onde está a achegar os seus coñecementos nomeadamente en materia de igualdade, man a man coa conceleira de Asuntos Sociais. A técnica municipal dinamizou actividades de sensibilización sobre violencia de xénero con varios grupos de mulleres e tamén traballou con mocidade, detectando un alto nivel de implicación. Tamén tivo a oportunidade de visitar distintas asociacións, centros comunitarios para maiores, etc. Nos próximos días, desprazarase á capital para cooperar coa Asociación Nacional de Muni-



Foto da esquerda Uxía Cespón e na da dereita Magui Docanto

cipios de Mozambique, coa que o Fondo Galego ten abertas vías de colaboración.

Alén de achegar unha cooperación técnica nas especialidades que se demandan desde os países empobrecidos, outro dos obxectivos das Vacacións con Traballo é concienciar fronte as desigualdades e a prol da solidariedade internacional. Para isto, as participantes comparten a súa experiencia a través do blog <https://vacacionscontraballo.wordpress.com> e á volta toman parte en diferentes actividades de difusión. Máis de corenta técnicas e

técnicos municipais e provinciais viaxaron a países do Sur nas doce edicións do programa, que este ano terá unha dimensión de ida e volta, xa que no mes de outubro técnicas municipais de Mozambique e Cabo Verde se formarán en distintas administracións locais galegas.

O Fondo Galego de Cooperación

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 90 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garán-

tese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. Desde a súa fundación en 1997, o Fondo Galego ten desenvolvido máis de 150 proxectos en 25 países e promove numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur. Recoñecido como axencia municipal da cooperación galega, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade chega en 2017 ao seu vixésimo aniversario.

Summum Delicatessen presenta a súa nova marca "Gran Reserva Galega"

A firma galega Summum Delicatessen, da que é directora-xerente Elena Pérez Pardo, presentou na Delegación da Xunta de Galicia en Madrid/Casa de Galicia a súa nova marca "Gran Reserva Galega", que nace coa misión de segmentar e seleccionar, baixo criterios de calidade, autenticidade e diferenciación, produtos de marca de orixe galega e como distintivo diferenciador para axuntar marcas que ofrecen produtos de excelencia e calidade, producidos e elaborados en Galicia. Este novo concepto ofreceu na presentación a unión de exclusivos produtos gourmet de orixe galega, unha lámina coa reprodución dunha das obras da pintora galega Eva Cancela e unha peza da afamada cerámica de Sargadelos nunha exclusiva caixa de agasallo.

Intervíñeron no acto a responsable de Summum Delicatessen, Elena Pérez Pardo, o creador de Gran Reserva Galega, Rafael

Enrique Garnelo, e o delegado da Xunta en Madrid e director da Casa de Galicia, José Ramón Ónega López.

Ónega encomiou a iniciativa, os seus parámetros de calidade e presentación ao mercado e afirmou que "Elena está a crear novas formas de gozar dos manxares, de sabelos seleccionar e de sabelos elevar a categorías superiores" e agradeceulle que trouxese, "de novo, a este Madrid desaforado e caótico, os sabores delicados da nosa terra galaica".

Elena Pérez referiuse á Caixa Gran Reserva Galega Edición Limitada 2017 como "a principal novidade e o produto máis especial para regalar este ano". "Esta Caixa supón a oportunidade de poder gozar e saborear dun fascinante percorrido gastronómico e cultural por Galicia a través de dez referencias de prestixio", afirmou.

"Ao incorporar esta marca ao seu catálogo, Summum Delicatessen abre unha



nova liña de negocio que se dirixe a satisfacer a demanda de agasallos exclusivos e orixinais. Agasallos de empresa pensados non só para a Campaña de Nadal senón destinados a cubrir a necesidade de dispoñer deste tipo de produtos ao longo de todo o ano. Agasallos personalizados e a medida", explicou a responsable de Summum Delicatessen.

Pola súa banda, Rafael Enrique subliñou a vocación da Caixa Gran Reserva Galega Edición Limitada 2017d de integración de produtos de marcas de orixe galega "dentro dun escenario común que actuará como fío condutor para repre-

sentar a esencia de Galicia nun marco de tradición e modernidade".

"A Caixa Gran Reserva Edición Limitada pretende, tamén, chegar á alma das cousas, rescatando o que verdadeiramente importa e dando valor ao orixinal e innovador sen esquecer a idiosincrasia das xentes de Galicia; é por iso que a Caixa inclúe unha lámina coa reprodución orixinal da pintura ao óleo 'Feira do Gando', obra da artista galega Eva Cancela, realizada en 1989", sinalou Enrique.

O acto pechouse cunha degustación de produtos gourmets elaborados en Galicia.

Chus Pato ingresa na Academia explorando os límites da poesía

Chus Pato ingresou o pasado 23 de setembro na Real Academia Galega como membro de número cunha reflexión sobre a creación poética e os seus límites que profunda na relación da poesía coa linguaxe e a filosofía. A poeta salientou tamén, nun acto celebrado no IES Otero Pedrayo de Ourense, a importancia da poesía para o idioma e reivindicou o

dereito dos nenos e nenas a seren educados na arte poética. “O poema é un dos medios que un idioma usa para sobrevivir. Un idioma vive a través dos poetas, a miúdo un poema leva a escritura do poeta máis alá do que il ou ela puidesen sospeitar, ese é o intre no que o futuro do idioma invade o presente”, expresou. A intervención foi así mesmo unha inmersión no propio proceso

creador da autora, unha orientación para a lectura da súa obra, “e tamén de calquera poema que se xestara nas marxes indecisas da linguaxe na procura dunha palabra capaz de dicir o mundo”, valorou o académico Francisco Fdez. Rei, encargado de lle dar resposta en nome da RAG.

Antes de dar lectura ao seu discurso, Chus Pato quixo recordar a escritora e académica Xo-



hana Torres, finada o pasado 12 de setembro. “Á súa mestría, ao seu ronsel, encomendo as miñas palabras”, arrincou a nova académica. Chus Pato entrou no paraninfo acompañada polas dúas últimas persoas que ingresaron na Academia xusto antes ca ela, Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre. Foi unha imaxe protagonizada por primeira vez só por mulleres, unha imaxe histórica, sinalou o presidente, acorde coa aposta da RAG nos últimos anos por contar co “gran pulo que é a incorporación da muller”, “a presenza activa da muller, da bandeira que un día ergueu Rosalía de Castro”.

Desde hoxe, Chus Pato ocupa a cadeira que quedou vacante tras o pasamento do tamén ou-

rensán Xosé Fernández Ferreiro, a quen lembrou con afecto. “A el úneme a ribeira do Miño, terra do meu pai”, dixo a escritora, que recordou xunto a el os demais académicos que o precederan neste posto, Francisco Fernández del Riego, Florentino López Cuevillas e Uxío Carré Aldao. A cerimonia de ingreso celebrouse no instituto ourensán no que estudou, onde foi alumna doutro académico, Xesús Ferro Couselo. Nunha mañá dos seus tempos de estudante, o académico encubriuna ante a policía franquista insistindo en que estaba na súa aula cando colaborara na distribución de panfletos da UPG no adro do edificio. “Isto, alén de solidariedade, é ensinar Filosofía”, agradeceu.



Tomiño rinde tributo ao seu mestre máis destacado Antón Alonso Ríos

O pasado mes de novembro de 2016 Tomiño elixiu por votación popular recoñecer a labor e a aportación do persoeiro Anton Alonso Ríos bautizando ao instituto que fora durante anos IES Tomiño co seu nome.

O martes día 3 inauguranse unhas xornadas adicadas a rendir tributo e lembranza a esta figura fundamental da historia de Tomiño, do Baixo Miño e de Galicia no campo do ensino e da política no movemento agrarista durante a II República.

Antón Alonso Ríos naceu en Silleda en 1887 no seo dunha familia labrega. A pesares do seu orixe humilde foi quen de cursar maxisterio, mostrando dun xeito temprano un grande interese polo ensino, e estudou da man de un dos académicos máis destacados da época, Víctor Fraiz Andión.

Desenvolveu a súa vocación educativa na Arxentina, onde emigrou e comezou a súa actividade en torno ao asociacionismo galego na emigración e co movemento agrarista.

De volta en Galicia foi director da escola da emigración “Aurora do Porvenir” de Tomiño. Os seus métodos innovadores no ámbito do ensino e a actividade desenvolvida nesa escola, baseados no aprendizaxe a través da experiencia, do aprender facendo, e da posta en marcha de métodos de ensino traídos doutros lugares do mundo fixeron que a reputación da Aurora do Provenir e do seu traballo traspasara fronteiras e foran ben coñecidos en boa parte de Galicia e outros lugares de Europa, convertíndoa nunha encola de vangarda no ensino rural.

A actividade política de Antón Alonso Ríos destaca polo seu tesón no impulso dun modelo de desenvolvemento e transformación do rural a través do ensino orientado ao agro. O seu discurso político do impulso da igualdade social nun rural próspero levouno a formar parte das Cortes de 1936 como deputado.

O Golpe militar e o conflito bélico fixeron que a súa vida e a da súa familia estivera comprometida. Durante máis de dous



anos sobreviviu percorrendo a xeografía galega facendose pasar polo esmoleiro portugués Sr. Afranio, até que foi quen de chegar a Portugal e de ahí de volta á Bos Aires, onde chegou como exiliado político. Faleceu en 1980 sendo o máximo representante do Consello de Galicia.

Na actualidade a súa obra literaria sobre educación e política é estudada por historiadores e profesionais da educación. Os seus antigos alumnos de Tomiño, de moi avanzada idade, aínda lle lembran como o gran mestre que foi.

Tomiño rinde merecido tributo ao seu gran mestre, a partires do martes 3 de outubro. Máis información e inscricións en tomino.gal. Aforo limitado 100 persoas.

PROGRAMACIÓN:

– Martes 3 de outubro, ás 11.30h

Inauguración das Xornadas, coa participación dos alumnos e alumnas do IES

Antón Alonso Ríos

– Mércores 4 de outubro, ás 19:00h

Relatorio “Antón Alonso Ríos, O percurso dun activista entre dous mundos” a cargo de Xosé Manoel Núñez Seixas

– Xoves 5 de outubro, ás 19:00h

Relatorio “Antón Alonso Ríos: Ensino, Política e Conciencia cidadá” a cargo de Xosé Manuel Malleiro Gutiérrez

– Venres 6 de outubro, ás 19:00h

Proxección do documental “Siños Afranio”

Mesa Redonda coa participación de: Víctor Aparicio “Coyote”, Director do documental, Diego Clemen: neto de Antón Alonso Ríos, Mario Rodríguez Gómez: amigo da familia e Xulio Carballo: sobriño neto de Antón Alonso Ríos

Exposición durante todas as xornadas “Antón Alonso Ríos. Política e pedagogía para un país”

A Biblioteca Pública do Estado estará operativa dentro dun ano

O secretario de Estado de Cultura, Fernando Benzo, visitou en setembro as obras de construción e rehabilitación que o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a través da Xerencia de Infraestruturas, está a realizar no conxunto do Convento de San Francisco, que albergará a Biblioteca Pública do Estado e do Arquivo Histórico provincial. Tamén visitou o Museo Arqueolóxico de Ourense, no que en 2018 iniciarán as obras. Benzo declarou que “con estes proxectos, estamos a converter a Ourense nun exemplo do que debe ser a renovación das infraestruturas culturais e que con iso os cidadáns teñan un acceso á cultura de calidade”. “A ambiciosa renovación cultural que se está levando a cabo conxuntamente co Concello é un exemplo e unha referencia”, engadiu Fernando Benzo.

En canto aos prazos de execución das tres intervencións que o Ministerio leva a cabo nesta cidade, o secretario de Estado indicou que “as obras da biblioteca están practicamente terminadas, polo que en xaneiro poderase licitar o equipamento. Atrévome a afirmar que antes do verán de 2018 estará finalizada”. Con respecto ao arquivo asegurou que se está avanzando e probablemente a obra finalice o próximo exercicio.

A preguntas dos xornalistas sobre o Museo Arqueolóxico, Benzo dixo que este proxecto é “máis lento pola súa envergadura,

onde hai que facer unha reforma moi importante, pero xa se está traballando nel”. En canto aos prazos, estimou iniciar as obras en 2018. “É unha obra complexa que vai permitir aos cidadáns gozar dun tesouro arqueolóxico francamente impresionante”.

Investimentos realizados

Na Biblioteca e o Arquivo, ata o ano 2011, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte realizara un investimento de 9,2 millóns de euros. Desde ese ano ata a data executáronse investimentos por importe de 10.613.843,11 euros e está comprometido para este 2017 o importe de 4.200.116,42 euros máis, especialmente na obra, pero tamén na adquisición dun primeiro equipamento e mobiliario da Biblioteca Pública. Estes importes veranse incrementados coa adquisición da totalidade do resto do equipamento necesario para a posta en funcionamento tanto do Arquivo como da Biblioteca.

No edificio da Biblioteca Pública do Estado está a procederse a cambiar todo o chan deteriorado de planta baixa e superiores. Xa están adjudicados os contratos de subministración e instalación dun sistema de control e identificación de fondos, por importe de 100.430 euros e a subministración, transporte e instalación de andeis, por importe de 92.753,34 euros.

O calendario previsto para a finalización das obras da Biblioteca é outubro; unha vez procedase á



Fernando Benzo con autoridades ourensás no Convento de San Francisco.

recepción da obra iniciárase a compra do mobiliario e equipamentos que poderá levar a cabo no primeiro semestre de 2018 para posteriormente poñer a disposición da Xunta de Galicia o edificio. En canto ás obras no Arquivo Histórico provincial, está previsto que finalicen no terceiro trimestre de 2018.

Museo Arqueolóxico

O proxecto das obras de reforma e rehabilitación do Museo Arqueolóxico da cidade supón un investimento total de 11,4 millóns de euros. Ata a data traballouse na redacción dos proxectos básicos e de execución así como de estudos previos do edificio, xa finalizados,

cun gasto ata a data de 247.462,88 euros. Unha vez modifíquese o Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Centro histórico de Ourense, tramitaranse as oportunas licenzas para proceder a licitar a execución de obra. Posteriormente deberánse realizar novos contratos para a redacción do proxecto de museografía e a súa execución.

Obras simultáneas

Na visita ás obras do complexo cultural de San Francisco, o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, agradeceu a presenza do secretario de Estado de Cultura, Fernando Benzo, e do director general de Bellas Artes y Patrimonio Cultural,

Luis Lafuente; así como do secretario xeral de Cultura da Xunta de Galicia, Anxo Lorenzo. O rexedor ourensán puxo en valor que “estamos ante o proxecto cultural máis ambicioso de Galicia” e destacou que Ourense é a única cidade de España na que o Ministerio de Cultura está executando obras de xeito simultáneo en Biblioteca, Arquivo e Museo. De feito, Jesús Vázquez agradeceu a implicación do Ministerio de Cultura neste proxecto e cuantificou que a inversión final (Arquivo, Biblioteca, Museo Arqueolóxico, equipamentos e museo que executará a Xunta de Galicia) superará os 40 millóns de euros.

O legado de Daniel Vázquez-Gulías expónse na capital de España

A Casa de Galicia en Madrid expuxo durante o mes de setembro a mostra que leva por título “Arquitecto Daniel Vázquez-Gulías Martínez”. Trátase dunha exposición que dá a coñecer unha parte da obra do arquitecto ourensán Vázquez-Gulías, así como dos seus obxectos persoais. A mostra celébrase coa colaboración do Centro Cultural Daniel Vázquez Gulías, que ten como obxectivo a promoción e difusión da obra realizada polo arquitecto tanto a nivel arquitectónico como documental, industrial e material. “Un xeito decidido e firme de seguir divulgando o legado deste magnífico arquitecto que nos dei-

xou xoias que conforman algúns dos lugares máis fermosos da cidade”, sinala o alcalde, Jesús Vázquez, quen lembra, ademais, que o Concello iniciou este ano un expediente de honra a este ilustre veciño da cidade.

Daniel Vázquez-Gulías Martínez (1869-1937), nacido en Beariz (Ourense), estudou a carreira de Arquitectura en Madrid e ampliou os seus estudos en Viena e Berlín, onde se familiarizou coas inquietudes e movementos artísticos da época. Viaxou por países como Siam, Estados Unidos, Cuba, París, Berlín e Budapest. Foi arquitecto municipal e diocesano de Ourense, pasando os últimos

anos na Coruña como arquitecto do Catastro. Faleceu nesta cidade e os seus restos atópanse no panteón familiar deseñado por el mesmo, no cemiterio de San Francisco de Ourense.

A figura e a obra de Vázquez-Gulías son unha referencia para Ourense e para Galicia. A cidade das Burgas conserva edificios emblemáticos do arquitecto como a Casa Junquera e a casa de Fermín García (actualmente Sede e Centro de exposicións de Afundación), o Hotel Miño, a farmacia Saco e Arce, a Casa Novoa, o colexio Santo Angel e o edificio da actual Delegación de Defensa, e alberga espazos como a Praza Maior e a



Lucía, neta de Vázquez Gulías, entre o alcalde de O Grove e o de Ourense.

Alameda que seguen mantendo o seu legado. Fóra da provincia consérvanse algunhas actuacións ineludibles á hora de abordar a mestría do arquitecto: o edificio do Gran Hotel da Toxa ou o Centro Galego da Habana son algúns desas iconas.

Rexionalismo, nacionalismo, modernismo (coas múltiples in-

fluencias europeas) están presentes na obra de Vázquez-Gulías, como en case todos os arquitectos da súa xeración, a do 98. Canteiros, ferreiros, carpinteiros, excepcionais artesáns, colaboraron co arquitecto na enriquecedora fusión entre o culto e o popular que caracteriza a súa obra.

Redacción

O Concello e OR.PA.GU renden homenaxe ao Pai Merino cunha xornada divulgativa

A Organización de Palangreiros Guardeses (OR.PA.GU), en colaboración co Concello da Guarda, celebrou na súa sede un acto en homenaxe ao Pai Baltasar Merino, coincidindo co centenario do pasamento do botánico e meteorólogo burgalés que residiu na Guarda durante máis de tres décadas.

O acto, durante o que se presentou a reedición da obra “Estudo das Borrascas na Costa Occidental Galega”, rematou co descubrimento dunha placa conmemorativa xunto ao barómetro aneroide situado na Igrexa do Convento de San Bieito.

A xornada, co título “A previsión meteorolóxica e a súa repercusión na seguridade marítima”,



puxo en valor o labor científico do xesuíta, autor dunha obra de estudo das borrascas na costa galega (publicada en 1893) coa que contribuíu ao mellor coñece-

mento dos fenómenos meteorolóxicos e marítimos polos mariñeiros e, en consecuencia, á redución das catástrofes a bordo dos pesqueiros.

Empeza a programación otoñal, Reacciona!, en Tomiño

Xa se atopa aberta a inscrición para participar nos cursos e obradoiros que nesta nova estación do ano propón a OMIX para o público xuvenil.

A OMIX de Tomiño pon en marcha obradoiros de Elaboración de Chocolate, Lettering e un Curso de Radio para este outono.

Un Curso de Radio de gran interese que persegue a iniciación na dinámica radiofónica co fin de poñer en marcha a Radio Mocidade que se instalará no IES Antón Alonso Ríos (22 horas, martes e venres, do 3 ao 27 outubro na Casa da Cultura de Tomiño). Trátase de afondar no coñecemento e do-

minio da radio como ferramenta de traballo didáctico e de divulgación para a mocidade estudiantil.

Un obradoiro de Lettering, “a arte de debuxar as letras”, unha aproximación a esta atractiva e singular técnica (20 horas, martes e xoves do 10 de outubro ao 7 de novembro na Casa de Cultura de Tomiño).

E, cara ao Nadal ofértase un obradoiro culinario sobre a Elaboración de Chocolate para un achegamento á técnica do manexo e usos deste succulento ingrediente nas súas diversas variantes para unha mellora dos nosos hábitos alimentarios (6 horas, luns do 4 ao 11 de decembro no Mercado de Tomiño).

Erosións de Rafa Villar X Premio de poesía Victoriano Taibo

O xurado do certame poético Victoriano Taibo que convoca o Concello de Gondomar en colaboración co Instituto de Estudos Miño-ráns, resolveu que o gañador desta Xª edición era o libro Erosións que, unha vez aberta a plica, resultou ser da autoría do poeta Rafa Villar.

O xurado valorou nesta obra a súa unidade dentro do dobre plano de lectura que se percibe no propio título do libro. Un libro que combina a paixón e a intimidade cunha exquisita sinxeleza e intensidade lírica, froito dun coidadoso traballo de construción poética en que desaparecen as concrecións de xénero para converter os poemas na expresión total do amor. Mais o amor non pode desprenderse da realidade e, mentres o eu poético constata a erosión do paso do tempo e as feridas da vida, convida a persoa amada a crear un horizonte “a salvo de naufraxios”, a través de cen poemas breves que empregan as palabras imprescindíbeis para construír imaxes intensamente poéticas.

Rafa Villar é un destacado poeta da denominada promoción dos 90. A súa primeira obra: Li-



ques da memoria, recibiu no ano 92 o premio Fermín Bouza Brey para autores novos. Recibiu tamén, entre outros, o Premio Curuxa de Humor Literario, o Premio Cómaros Verdes do concello de Vilagarcía de Arousa, o Premio de poesía Concello de Carral, o Eusebio Lorenzo Baleirón, o Premio de poesía Cidade de Ourense ou o Premio Arume de poesía para nenos/as por Patente de curso que, xunto con Memoria de Ahab, Migracións, e Animalario estafalarario, son os seus últimos títulos publicados.

É licenciado en Filoloxía ga-

lego-portuguesa e traballa no servizo de normalización lingüística da Confederación Inter-sindical Galega (CIG).

Escritor comprometido e moi activo socialmente, foi voceiro da plataforma Nunca Máis e parte da directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega, membro do Batallón Literario da Costa da Morte e un dos fundadores e impulsores da editora Letras de Cal.

A entrega do premio será o día 18 de novembro nun acto que decorrerá no Auditorio Lois Tobío de Gondomar.

Vilagarcía acolleu a entrega do Premio Plácido Castro de Tradución

O pasado sábado día 30, coincidindo co Día Internacional da Tradución, o salón de plenos do concello de Vilagarcía de Arousa, acollerá a entrega do Premio Plácido Castro de Tradución, que na súa XVIª edición recaeu en Isabel Soto pola obra Fosca, de Iginio Ugo Tarchetti.

A obra premiada, Fosca, é a máis importante de Tarchetti, escritor italiano scapigliato. A scapigliatura foi un movemento artístico e literario desenvolvido no norte de Italia sobre todo entre os anos sesenta e oitenta do século XIX. Nos scapigliati aniñaba un espírito de rebeldía contra a cultura tradicional e o bo senso burgués.

Á hora de xustificalo premio, o xurado destacou “a fluidez e a solvencia na lingua meta, así como o esforzo de reflectir o estilo arcaizante da lingua orixinal nun galego que recupera usos propios dunha época literaria anterior que poderíamos emprazar a finais do século XIX



ou inicios do XX”. Respecto á calidade da tradución, destacou “o acerto no transvasamento de estruturas sintácticas intrincadas ao galego”.

A premiada, Isabel Soto, é unha crítica literaria e tradutora ben consolidada no noso sistema literario e cultural. Participa en múltiples traducións colectivas, é autora tamén dunha vasta obra que abarca máis de vinte títulos.

Con este premio, a Fundación Plácido Castro pretende reivindicar a dimensión tradutora do autor galego de quen en 2017 cumpríronse 50 anos do seu pasamento así como alentar un maior recoñecemento social do labor dos tradutores e tradutoras.

Novas da Raia

Galería de Hernández

Festas e eventos do sur de Pontevedra por Hernández



Concerto "Zarzuela" de Teresa Novoa e a Banda Xuvenil de Xinzo



Concerto da Coral do Sportivo na Igrexa de San Miguel de Ponteareas



Mostra de Orquideas en Salvaterra de Miño



Lanzamento dos Globos de San Miguel en Ponteareas



Festividade Nosa Sra. do Libramento en Arbo



Festa dos Callos no Porriño

Ecopista do Río Minho 3ª melhor Vía Verde da Europa

Fruto de uma candidatura conjunta dos Municípios de Vila Nova de Cerveira, Valença, Monção e Caminha, a Ecopista do Rio Minho acaba de ser distinguida como a 3ª Melhor Via Verde da Europa. O prémio foi atribuído, esta quinta-feira, em Adare-Limerick, na Irlanda, durante a cerimónia dos 8th European Greenway Award.

Promovido pela Associação Eu-

ropeia Greenways (E.G.W.A.) e pela União Europeia, este prémio bienal tem como objetivo promover exemplos de melhores práticas e apoiar sua replicação em outras vias verdes em toda a Europa.

As Vias Verdes do Rio Minho consistem numa rede de infraestruturas de "Ecovias" e "Ecopistas" existentes na margem esquerda do rio Minho, entre Monção e a foz do Rio Minho em

Caminha. Totalizam cerca de 50 km de rotas para pedestres e ciclismo, essencialmente inseridas na Rede Natura 2000.

A Ecopista do Rio Minho entre Monção e Valença, inaugurada no dia 14 de Novembro de 2004 pelo Secretário de Estado dos Transportes e Comunicações, Eng. Jorge Borrego, é um percurso superior a vinte quilómetros colado àquele troço de água internacional que merece rasgados elogios e aplausos da generalidade das pessoas.

Ao longo do percurso entre os centros históricos de Monção e Valença, sobram motivos de interesse que fazem desta via ecológica, a primeira em Portugal a aproveitar linhas férreas desativadas, uma referência para quem gosta de praticar desporto em comunhão com a natureza.

No percurso de Monção, além do Núcleo Museológico Torre de Menagem, em Lapela, monumento nacional desde 1910 rodeado de casario, o utilizador é surpreendido com diversas panorâmicas do rio, das embarcações tradicionais,



da labuta dos pescadores, da margem galega e de algumas pesqueiras, pequenas construções de pedra antiga que nos remetem ao bucolismo fluvial.

Em Troporiz, freguesia onde o rio Gadanha encontra o "Pai Minho", como gentilmente os galegos tratam o rio Minho, encontramos um verdadeiro postal ilustrado com a magnífica beleza paisagística do rio Minho e perpetuado nas histórias tempestuosas de dois povos que a política dividiu e a amizade uniu.

À chegada à ponte internacional que liga as localidades fronteiriças de Monção e Salvaterra, vislumbram-se os cais de embar-

que do antigo transbordador, os antigos postos aduaneiros, um convertido em centro de educação ambiental e outro em sede da Eurocidade Monção – Salvaterra, toda a amplitude do tranquilo e sereno Rio Minho e uma panorâmica alargada da margem galega.

A partir daqui, falta pouco mais de um quilómetro para "entrar" no centro histórico de Monção pela Porta de Salvaterra. Aqui chegados não deixe de visitar o muito que a vila tem para oferecer. Espaços muralhados debruçados sobre o rio Minho, monumentos que honram os antepassados e ruelas asseadas que "transpiram" histórias.



Mayor de Adare-Limerick com os técnicos em representação das autarquias: Município de Vila Nova de Cerveira (Sónia Antunes), Município de Valença (Fernando Barros) e Município de Monção (César Gonçalves).

Xornadas Ambientais e de Turismo Sostible no Camiño Portugués, en Caldas de Reis

As Xornadas Ambientais e de Turismo Sostible no Camiño Portugués, que terán lugar no auditorio de Caldas de Reis, do 16 ao 18 de outubro, dirixidas polo Prof. Dr. D. Francisco José Peña Castiñeira, forman

parte do Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2020, que tras 57 edicións de Cursos de Saúde Ambiental de periplo itinerante por toda a xeografía galega cunha participación de 6.008 ambientalistas, volve

por terceira vez en Caldas de Reis.

O contido das xornadas integra e harmoniza tres áreas temáticas de gran interese e actualidade: A loita contra o cambio climático cara á saúde ambiental do planeta e á saúde dos cidadáns que o ha-

bitan, na que xogan un papel fundamental o uso racional da enerxía e o impulso das enerxías renovables así como un maior nivel de compromiso de todas as administracións públicas e de toda a sociedade no seu conxunto; A

economía circular na xestión sustentable dos residuos (converter os residuos nun recurso); Impulsar o turismo sustentable no camiño portugués. Inclúese unha ruta verde atractiva e de gran valor histórico (entre outras, visitarase a Casa de Rosalía e os seus xardíns), O mércores as 10.00 horas limitado a 50 prazas.

Para as Xornadas ofertanse 100 prazas, que se cubrirán por riguroso orden de inscrición.



Ecocelta co campo galego

Abonos e sustratos ecolóxicos

Materias primas de Galicia

ecocelta®

Natureza en equilibrio

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 administracion@ecocelta.com

Crta. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Pontareas



Novas da Raia

Redacción

Historia de Monção retratada em espetáculo de música e imagem com 150 participantes de associações locais

O Cine Teatro João Verde recebe, nos días 7, 8 e 14 de outubro, a “Trilogia dos Vales”, conjunto de três espetáculos sobre o território monçanense. A entrada é gratuita, sendo necessário a apresentação

de bilhete que pode ser levantado na Loja Interativa de Turismo, Praça Deu-la-Deu, T. 251 649 013.

Com direção artística do Space Ensemble, o espetáculo “Trilogia dos Vales”, promovido



pela Câmara de Monção, é coordenado pelo multi-instrumentista Samuel Coelho, que assume ainda a direção musical, e com a direção de imagem e de cena de Giselle Galvão.

Presentemente em fase de ensaios, a “Trilogia dos Vales” é um espetáculo em três atos que, partindo do espaço geográfico de Monção, explora a identidade do território, fértil em vida e em história. Os rios, os vales por eles criados, os moinhos, as vinhas, a terra, as pessoas, a memória coletiva são a inspiração da partitura musical e visual do es-

petáculo. Em suma, um contributo para o reforço da identidade do nosso território.

Integrado no programa do Banco Local de Voluntariado “Música para Todos”, participam neste projeto: APPACDM, Banda Musical da Casa do Povo de Tangil, Banda Musical de Monção, CENSO, Centro Comunitário de Podame, Centro Paroquial e Social de Barbeita, Centro Social e Paroquial Padre Agostinho Caldas Afonso, Pias, Centro Social e Paroquial S. Pedro de Merufe, Grupo Popular “Os Teimosos” e Santa Casa da Misericórdia de Monção.

Actividade homenaxe a Carlos Casares en Gondomar

A librería-café Libraida e a taparía A Galiña do Ardora, de Gondomar organizan de maneira conxunta, o último xoves de cada mes ao longo do ano 2017, unha homenaxe a Carlos Casares cun acto que se desenvolverá na librería e na taparía.

O acto estará dividido en dúas partes: Na primeira, unha persoa convidada achegaranos unha das obras de Carlos Casares. Na segunda, compartiremos unha lectura de textos escollidos e recollidos en Á Marxe mentres degustamos unha tapa na taparía.



Nace o “Salceda Dixital”, programa pioneiro para os comercios

A Concellaría de Comercio e Formación que dirixe Loli Castiñeira ven de presentar o “Salceda Dixital”, un proxecto innovador incluído no marco de dinamización e desenvolvemento do comercio minorista da vila, mediante a implementación de ferramentas de carácter tecnolóxico e a utilización de medios telemáticos. O proxecto vai dirixido aos comerciantes ou de Salceda que desexen ter presenza na internet e desta forma aproveitar as vantaxes que brindan as novas tecnoloxías. O obxectivo do proxecto é dotar de habilidades tecnolóxicas aos comerciantes e autónomos de Salceda de Caselas e cubrir necesidades reais: formación na área de novas tecnoloxías, dotación de ferramentas informáticas, asesoramento e titorías personalizadas. Para elo, explicaranse paso a paso as diversas técnicas e ferramentas



que existen hoxe en día para lograr unha boa presenza na internet e que permitirán, entre outras cousas, captar nova clientela ou facilitar a interacción coa clientela xa existente.

Algunhas das principais aplicacións e ferramentas web que se van explicar son: Google my business, Google+, directorios da internet, sitios de anuncios clasificados, redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram), SEO para mellorar a posición en Goo-

gle, Webmaster tools ou Analytics.

O proxecto está íntegramente subvencionado polo Concello de Salceda de Caselas, a través das Concellarías de Comercio, Emprego e Formación. As persoas interesadas poden inscribirse no Facebook do CDL O Torrón ou na súa páxina web coa única condición de ter un negocio ou comercio activo en Salceda, e estar dado de alta no réxime da Seguridade Social en Autónomos.

Novas da Raia

Redacción



Os Picurruchos de Lugo gañan o 50º Concurso de Gaitas do País

O domingo 23 de setembro celebrouse en Ponteareas a edición número 50 do Concurso de Gaitas do País, na que participan cuartetos compostos por dúas gaitas, tambor e bombo.

Os membros do xurado; Antón Corral, Antonio Gutiérrez, Xoaquín Míguez "Xocas", Iván Costa, Juan Luna, Xosé Manuel Gil e Manuel Alonso "Xalueiro", acordaron que Os Picurruchos de Lugo resultasen gañadores desta edición, quedando no segundo posto Virutas de Ébano de Vigo e en terceiro e cuarto lugar Maraghotas de Vigo e Mutatis Mutandis De Santiago.

Mentres o xurado tomaba a difícil decisión, a Concellería de Cultura, repartiu a revista conmemorativa do L Concurso de Gaitas do País, sesenta exclusivas páxinas de artigos relacionados co mundo da música tradicional.

A Concellería de Cultura do Concello de Ponteareas agradece a tódolos participantes do L Concurso de Gaitas do País o espectáculo ofrecido nas rúas e auditorio municipal.

O Concello de Ponteareas tamén quere agradecer a colaboración especial da Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño que en recoñecemento a

traxectoria deste concurso quixo colaborar na dotación dos premios entregados consistentes en gaitas artesanais dos mellores obradoiros galegos.

A Directora Xeral de Turismo, Nava Castro; a xerente da Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño, Elena Fabeiro; a Concelleira de Cultura, Hortensia Bautista, e o Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, entregaron os premios ao gañador e aos catro finalistas.

Pola noite o grupo gañador actuou no Parque da Feira Vella, no que a continuación ofreceu un concerto de Xosé Manuel Budiño.

XIX Bienal Internacional de Arte de Cerveira recebeu mais de 100 mil visitantes

A caminha de celebrar 40 anos, a bienal de arte mais antiga da península ibérica acolheu 100 mil visitantes, entre 15 de julho e 16 de setembro. Só em Vila Nova de Cerveira foram apresentados 8.300m2 de espaço expositivo, 500 artistas de 35 países, e 600 obras de arte, num total de 14 locais.

A nível de programação complementar decorreram 25 intervenções artísticas e performances, 8 conferências e debates e 8 ateliers e workshops. De referir ainda que participaram 14 instituições de ensino superior, incentivando o debate e a investigação da arte contemporânea entre alunos, professores e artistas.

A XIX Bienal Internacional de Arte de Cerveira prestou tributo a um dos maiores nomes da pintura nacional e internacional, Paula Rego, apresentando 51 obras da pintora, entre gravura, desenho e pintura, criadas entre

1968 e 2001, pertencentes a coleções de fundações, museus e privados.

"Está à vista de todos o êxito desta Bienal, que é comprovado não

só pela forte adesão a nível nacional, mas também a nível de público estrangeiro, com forte incidência na vizinha Galiza. Mas mais do que o elevado número de visitantes, o que nos deixa mais satisfeitos é o feedback do público que, pessoalmente e até mesmo nas redes sociais, fez questão de referir que esta edição ficou assinalada pela qualidade artística", referiu o Presidente do Conselho Diretivo da Fundação Bienal de Arte de Cerveira, Fernando Nogueira.



Foram também homenageados o artista multidisciplinar Ernesto de Sousa (1921 - 1988) e o escultor Jaime Azinheira (1944-2016).

A 19.ª edição ficará também marcada por ter ultrapassado fronteiras, não só por ter apresentado mostras em Vigo e Ourense, mas também por se ter alargado à diáspora da língua portuguesa, ao integrar na sua programação a VIII Bienal de Jovens Criadores da CPLP - Comunidade dos Países de Língua Portuguesa.

Ciclo de monólogos 'Mondariz H2O con humor'

O humorista vigués Miguel Lago, abriu o domingo 17 de setembro, o ciclo 'Mondariz con H2O de humor' que, ata o mes de decembro achegará á vila os monólogos de Carlos Blanco, Quico Cadaval e Oswaldo Digon.

A iniciativa, organizada por 'Moita Merda Producións' e que conta coa colaboración do Concello de Mondariz, permitirá que veciños e veciñas poidan gozar da actuación de catro dos máis destacados mo-

nologuistas a nivel nacional, galegos todos eles, e que nos seus monólogos amosan como ninguén o humor e a retranca propia deste país.

As entradas terán un prezo de 10 euros en venta anticipada e poden mercarse en Berminelli, Cafetería Gonixul e Ticketea.com. Tamén poden mercarse o mesmo día das actuacións na billeteira a un prezo de 13 euros. O espectáculo é recomendado para maiores de 13 anos e as butacas non estarán numeradas.

A piscina de Ponteareas recibe un certificado de calidade polo ensino de natación



A Real Federación Española de Natación entregou á piscina de Ponteareas o certificado de garantía de calidade no ensino de natación. Trátase dun certificado deseñado pola Real Federación Española de Natación da man do Concello Superior de Deportes e Disney no marco do programa "Nadar es Vida".

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a Concelleira de Comercio, Inés Vidal en representación do Concelleiro de Deportes, asistiron á entrega da certificación solicitada por Insdega, empresa que xestiona o complexo deportivo Álvaro Pino.

Contar con esta certificación significa seguir as pautas evolutivas e mecanizar os procesos informáticamente para

que os criterios evaluativos sexan totalmente obxectivos e checados dende a RFEN.

Os monitores de natación da instalación recibiron esta mañá a formación necesaria para adaptarse ao programa que comezará a implantarse no centro nos vindeiros meses.

Personaxes de Disney

Entre as novidades que aporta este programa está a de que os novos niveis de natación contarán con recreación de personaxes de Disney da serie "Buscando a Dory" de xeito que os pequenos aprenderán a nadar de xeito máis divertido.

A piscina de Ponteareas é a primeira instalación deportiva da provincia de Pontevedra en obter este certificado.

Donald Trump no punto de mira dos caricaturistas

Por Francisco Puñal Suárez

Donald Trump seguramente será na historia o presidente norteamericano máis caricaturizado debido ás súas reaccións políticas, as súas actitudes racistas e as súas leis arbitrarias e antiimigrantes.

Xa no 2016, o debuxante mexicano Arturo Kemchs recompilou no seu libro "Trump: un muro de caricaturas", numerosas obras de 150 autores, de varios países, onde advertían


do perigo que corría o mundo si Trump era elixido presidente.

Os caricaturistas, coa súa linguaxe irónica e satírica, ofreceron nese volume unha imaxe durísima deste político: tanto aparecía cun bigote tipo Hitler, convertido no traseiro dun elefante, como un paiaso ou nun troglodita que fai das súas.

Agora, tras uns meses exercendo o seu mandato, Trump volve ser a diana dos caricatu-

ristas na XXIV Mostra Internacional das Artes do Humor, que organiza a Fundación Xeral da Universidade de Alcalá de Henares, Madrid, cunha visión crítica e satírica sobre este personaxe que cada día levanta as máis airadas protestas.

Co título de "Vaia Trumpazo" 135 autores de 39 países expresan o seu descontento e a súa mirada caústica sobre o comportamento deste político, coa linguaxe do humor gráfico.



Lailson de Holanda - Brasil



Fernando Corella - España



Ellapizloco - España



León - Colombia




Gio - Italia



Lido Contemori - Italia



009 O-SeKoer - Bélxica



Elena Ospina - Colombia



Antonio Antunes. Portugal



Sandu Teodora. Rumanía



Bernard Buoton - Francia